

A preocupación por unha lingua de calidade: aproximación histórica ao caso do galego nos anos finais do século XIX e nos inicios do XX¹

Xosé Manuel Sánchez Rei
sanrei@udc.es

*E visto esto o problema da lingua pra nos é ben craro.
¿Debemos facer revivre a nosa lingua ou debemos axudar a matala?*

Antonio Losada Diéguez

É denantes de todo preciso que todos os galegos falen e escriban o galego como poidan. Mais isto non abonda; é preciso despois qu'os falen e escriban á perfeición

Johán Vicente Viqueira

1. Introducción

Cando a lingua galega comeza a ser estudada e reivindicada con certo rigor, durante o século XIX, un dos debates que se produciu asentou na necesidade de recuperar a súa autenticidade. Así, perante a relativa diversidade local, reparábase en que galego podería ser o máis xenuíno ou onde se debería ir procurar un “galego enxebre” ou até en que escritoras e escri-

1 O presente traballo desenvolveuse no marco do proxecto de investigación FF2009-08917 e FFI2012-32801, subsidiado polo “Ministerio de Ciencia y Tecnología” e o “Ministerio de Economía y Competitividad”, a través da “Subdirección General de Proyectos de Investigación”. O autor quere expresamente agradecer ás persoas que leron as primeiras versións deste texto as suxestións que lle fixeron, as cales sen dúbida coadxuvaron na mellora da redacción orixinaria.

tores posuían o estilo máis recomendábel. Ao mesmo tempo, moitas das persoas que nesa época se ocuparon das dificultades que tiña o idioma identificaron unha boa parte deses problemas nas influencias que o galego sufría a respecto do español, as cales, en moitos casos, chegaban a xerar unha casta de variedade lingüística hibridizada². Quen realmente se preocupaba polo futuro da lingua fixo ás veces chamadas de atención para que ese estado de cousas non progredise ou, no mellor dos casos, para que recuase, pois percibíase con total clareza que unha das ameazas máis serias para a sobrevivencia do galego consistía precisamente na constante erosión a que estaba sometido: colectores de literatura tradicional, dramaturgos, gramáticos, intelectuais comprometidos coa lingua, poetas etc. subliñaron, con maior ou menor acerto, con menor ou maior intensidade, e cadaquén desde as súas propias concepcións ideolóxico-lingüísticas, que o idioma se achaba nunha situación de perigo por esas perennes beliscadelas da, na altura, única lingua oficial. O compromiso coa recuperación real do galego, pois, confluía en todo o momento coa súa necesaria estilización, xa que se entendía que non se podía recuperar a forma cando a substancia tiña serias problemáticas internas.

Transcorrido xa tempo, observamos que a situación non só non mellorou, como antes piorou en termos cuantitativos e cualitativos. Así, dun punto de vista interno, estruturas morfosintácticas características do galego, expresións e frases feitas idiosincráticas, léxico tradicional (e non estritamente pertencente ao ámbito camponés ou mariñeiro) etc. teñen de pasar polas alfándegas da falta de sistematicidade na utilización ou até do descoñecemento e do desuso, tal e como vén acontecendo desde as primeiras reivindicacións ao respecto no século XIX. Únese a todo isto, aínda, a circunstancia de que, nalgúns sectores da filoloxía galega, mesmo se deixa entrever certa conivencia relativamente a esa corrosión: o contacto de linguas –din algunhas persoas– trae consigo esa maridaxe entre os idiomas que conviven no mesmo territorio ou nos mesmos grupos de falantes; vira inevitábel, argúen outras, que o galego reciba interferencias, sobre todo do español, e esta circunstancia pode aumentar os recursos expresivos da masa de falantes³.

2 Cfr. a pregunta de Crystal (2003: 168) que, sendo actual, se torna doadamente extrapolábel a aqueles tempos: “se nos enfrontamos a unha lingua que se deteriora lentamente e asumimos que hai un motivo para salvala, entón, ¿que forma da lingua se transmitirá?, ¿como se decidirá o que é auténtico?”.

3 Tal é o que acontece con varios traballos publicados recentemente. Nun deles, Iglesias Álvarez (2013: 187) salienta que no “perfil sociolingüístico estudado aquí, adolescentes que viven nun ambiente galegófono, a hibridación [co español] entendémola como un síntoma dun rico repertorio lingüístico, no que cómpre incluír, ademais do galego nor-

Se decidirmos abrazar algunhas destas ideas, dá a sensación de que a lingua xa chegou onde tiña de chegar (administración, audiovisuais, mundo académico etc.) e que o pobo, ese mesmo pobo que a conseguiu conservar durante séculos, ten de continuar a empregar unha variedade fortemente interferida, grandemente desnaturalizada e cada vez máis hibridizada: non pode utilizar a propia lingua destonada de españolismos e asentada na súa tradición milenaria porque o habitual, actualmente, é o contrario, isto é, que a empregue cuns niveis elevados de barbarización, até promocionados propositadamente desde determinados programas televisivos. E, conforme con algunhas opinións, parece que ese mesmo pobo nunca será capaz de se exprimir cunha lingua sen interferencias, xa que ou ben non ten interese en o facer (pois xa fala un tipo de “galego popular” e isto vira suficiente, como se a única hipótese de identificación lingüística na Galiza co idioma propio sexa a das variedades coloquiais) ou ben os modelos que desde a oficialidade se proxectan na poboación galegofalante espontánea non son capaces de recomendaren o contrario; parece ser totalmente suficiente esa variedade familiar fortemente interferida por elementos espurios en que reposan todas as **aceras*, moitas **calles*, bastantes **conexos* e **conexas*, todos os **pulpos* ou a maior parte das **sillas*, por pormos algúns exemplos.

Deixando de parte o léxico, tamén outros ámbitos da descrición lingüística se ven afectados por esas tolerancias *contra natura*. Así as cousas, sen entrarmos a valorizar por obvias expresións como **Me dixox que viñeras mañá*, **Se me fixeras caso, che axudaba* etc., e tamén sen ningunha vontade de reprobación ao ouvirmos tales estruturas nos momentos iniciais das persoas neofalantes que tiveron a coraxe e a valentía de faceren do galego a súa lingua habitual, parece ter o mesmo valor unha cláusula do tipo *É preciso vires* que outra como *É preciso que veñas*, posúe o mesmo rango unha sentenza ao estilo dun *Avisa cando chegares* que **Avisa cando chegues* e até poden ficar suprimidos valores expresivos de alta eficacia ao se rexeitar nun rexistro coidado construcións do tipo *Xa lles eles dixeron o que penso, Nunca te alí vexas como me eu vin* ou *De o non sabermos a tempo, todo sería diferente*.

Do noso punto de vista, aceptarmos con total naturalidade a presenza directa ou indirecta de influencias foráneas na lingua ou decantármolos pola

mativo, o castelán e as variedades diatópicas e diafásicas correspondentes. Os falantes empregan a hibridación como un recurso comunicativo”; noutro traballo, Gugenberger (2013: 30), por súa vez, subliña que a través “da hibridación o falante pódese adaptar ás esixencias dunha situación comunicativa ou pódese delimitar dela, rachando coas convencións. Ó elixir unha forma de fala híbrida creba as regras dos sistemas lingüísticos dos que se serve, cuestionando así a conceptualización da lingua como un sistema monolítico pechado”.

preferencia daquelas fenomenoloxías e características gramaticais e lexicais coincidentes co español só porque se constata unha maior frecuencia de utilización non se converte unicamente nunha práctica asaz discutíbel, mais en certo modo contradí todo o labor de restauración interna e de dignificación que se leva facendo para o galego desde o século XIX. Como veremos ao longo destas páxinas, as variedades lingüísticas epigrafas dentro do xa referido “galego popular” poden ser tan galaicas como populares sen por iso teren de recibir gratuitamente influxos alleos. A necesaria comprensión cara ás persoas neofalantes naqueles aspectos que lles puideren presentar certas problemáticas gramaticais ou lexicais non pode tornarse sinónimo dunha idéntica tolerancia para profesionais que viven do galego ou a través do galego ou para ámbitos en que o desleixo pola lingua se leva convertido en comportamento habitual (administración, discurso político, medios de comunicación etc.).

Nestes medios, o presente traballo deita unha ollada en termos históricos sobre as impresións que eses diversos niveis de desnaturalización suscitaron nunha parte da intelectualidade galega contemporánea. Tentaremos aproximarnos desa vontade de utilización dunha lingua sen interferencias reparándonos para tal propósito en diversas obras dadas a lume en finais do século XIX e durante o primeiro cuartel do século XX. Notarase, contrastivamente con algunhas opinións modernas, que o perigo que traía consigo esa españolización foi alertado e, cando se puido, combatido cos medios existentes na altura. Sorprende, desde a época actual, que se non poña todo o empeño en tratar de evitar esa maré desnaturalizadora e que se entendan como algo nocivo para o idioma os esforzos destinados a frearen esas fortes e correntes turbas de barbarización. E tamén vira rechamante, a termos en conta o noso tempo, o empeño posto por algúns eruditos no Rexurdimento e nos primordios do século XX en procuraren o galego máis autóctone e xenuíno, cando, presentemente, dá a sensación de que todo ten doada acomodación na praxe habitual.

Repararemos, pois, en que a procura do denominado nos nosos tempos como ‘lingua de calidade’, ‘calidade da lingua’ ou ‘calidade lingüística’, a pesar de enformar unha das reivindicacións actuais máis relevantes vinculadas ao comportamento ético co idioma⁴, deita as súas raíces xa no século XIX e mantívose, coas arritmias propias do proceso de recuperación do galego en

que aínda nos achamos, até aos nosos tempos, xustamente nunha época en que nunca o idioma estivo tanto e tan ben estudado; de aí a nosa perplexidade para a comprensión de todo aquilo que dana ese proceso, pois difícilmente se pode recuperar e normalizar unha lingua cun alto grao de mesturaxe co español e notabelmente erosionada por este idioma. Como ilustra Sanmartín Rei (2009) ao longo do ensaio *Nos camiños do entusiasmo*, o modo de dignificarmos e prestixiarmos a lingua está intimamente ligado ao compromiso con esa práctica habitual do idioma que conscientemente aposta na súa calidade e que tamén propositadamente rexeita o desleixo gramatical abandeirado nese “total, que máis ten”. E, apropiándonos dalgunhas das ideas contidas en artigos da obra de xa revelador título *Língua e Cidadanía* organizada por Henriques & Simões (2004), cómpre tamén que as cidadás e os cidadáns da Galiza se impliquen nese pacto ético co idioma no sentido de empregaren, cada vez máis e mellor, a propia lingua.

2. A vontade dunha praxe lingüística autóctone

Desde a publicación de Uriel Weinrich *Languages in contact* en 1953, obra pioneira na súa especialidade que aínda hoxe continúa a se ler, o contacto de linguas, quer sexa en comunidades lingüísticas en que conviven varias, quer sexa en territorios fronteirizos, é un tema recorrente nos estudos de Sociolingüística e Socioloxía da Linguaxe⁵ e constitúe unha das orientacións investigadoras máis fecundas. Practicamente non hai manual ou obra de referencia nese campo que non dedique unha sección, en forma case sempre de capítulo específico denominado convencionalmente “Linguas en contacto” ou “Contacto de Linguas”. Como é de esperar, o tal contacto trae consigo determinadas influencias recíprocas neses idiomas, de forma que aquelas, con independencia da opinión xeral que sobre elas se tiver, son adoito entendidas como algo común, toleradas neses contextos tan especiais de convivio lingüístico mais comunmente reprobadas na variedade padrón.

Varias son as propostas de catalogación das pegadas dunhas linguas a outras dependendo dos factores con que foren identificadas: a súa necesidade ou a súa gratuidade diferéncianas normalmente en (i) empréstitos e (ii) interferencias; por outro lado, desde os ámbitos de reflexión lingüística e dependendo de en cal deles se detectaren, son adoito clasificadas en (i)

4 Véxanse, neste sentido, os traballos de Freixeiro Mato (2009), Sanmartín Rei (2007, 2009) ou Moreira Barbeito (2014: 274-278). Ao mesmo tempo, o traballo de Callón (2012), de natureza eminentemente didáctico-práctica, asenta nesa mesma filosofía de mellora da praxe lingüística habitual con recomendacións tanto para a lingua escrita como para a oralidade.

5 Cfr., por exemplo, Almeida (2003), Calvet (1998), García Negro (1993, 2009), Hudson (1980), Rotaetxi Amusatagi (1990), Wardhaugh (1992) etc.

fonolóxicas, (ii) gramaticais e (iii) lexicais, conforme se deriva do exposto en Rotaetxi Amusatagi (1991: 96-103) ou en Calvet (1998: 23-35), ás cales habería que acrescentar outros tipos, como (iv) semánticas, (v) pragmáticas ou mesmo (vi) fraseolóxicas; a súa ocasional ou habitual atestación na lingua tórnaas (i) esporádicas ou (ii) constantes; a procedencia estrutural, isto é, quer dunha variedade diferente mais ao fin e ao cabo da mesma lingua histórica, quer dunha lingua distinta, márcaas como (i) internas ou (ii) externas; do punto de vista da súa atestación rexional poden catalogarse como (i) locais e (ii) xerais; a súa fácil ou, polo contrario, conflituosa asimilación en termos de aprendizado de linguas determínaas como (i) positivas ou (ii) negativas; etc.

Ao mesmo tempo, cada especialista costuma ter unha definición de cada unha delas e até mesmo pode haber diferenzas no emprego das denominacións para esa sorte de fenomenoloxías, aínda que nin todas son totalmente intercambiábeis: á parte das máis coñecidas (e aliás matizábeis) de “interferencia” e “empréstimo”, teñen certo uso na literatura lingüística hipóteses como “transferencia”, “converxencia” ou “calco” (Freixeiro Mato 2010: 31-32), sen nos esquecermos doutras que, dun modo semanticamente máis amplo, remiten para procesos resultantes do contacto de linguas, tales como “influencia”, “mestura”, “hibridación”, “hibridade” ou “hibrididade”

Obviamente, esas interferencias dunha lingua ou variedade noutra constitúen férteis campos de colleita para o estudo da variación e mudanza lingüística: repárese, neste sentido, no revelador título de William Labov *Principios da mudanza lingüística. Factores internos* (Labov 1996) e *Factores sociais* (Labov 2006), en que o autor incide na importancia que teñen esas dúas compoñentes, as intrínsecas e as extrínsecas, nos camiños da modificación lingüística: con efecto, unha alteración pode ter a súa orixe no propio sistema ou provir doutros puntos de partida iniciais, como a influencia de idiomas próximos, a transformación nos hábitos de vida da comunidade, o influxo doutras sociedades ou mesmo certos acontecementos sociais ou políticos. Todos eses procesos de alteracións das linguas poden ser abordados desde varios prismas disciplinares, tales como a dialectoloxía, a gramática, a planificación do corpus e estandarización etc. No caso de idiomas de status social diferente, as influencias máis ilustrativas son aquelas que se producen desde a lingua ou variedade mellor considerada naqueloutra carente dese prestixio. Así, no caso do galego, existe unha relativa ampla bibliografía especializada sobre o influxo do español na compoñente fónica, morfosintáctica, semántico-lexical e até pragmática do idioma, na cal se trata de identificar os elementos considerados alleos, ao paso que as influencias recíprocas no caso que nos ocupa, isto é, as do ga-

lego no español, tamén contan con algunha literatura de referencia desde hai certo tempo.

Como se torna obvio, nin todas as influencias ou transferencias son contempladas de idéntico modo tendo en conta que idioma é o que as recibir. Así, en canto socialmente gozan dunha acollida máis comprensiva os influxos da lingua mellor considerada na menos valorizada, o caso das transferencias desta naquela contan cunha notabilísima dose de reprobación. O status de cada idioma, por tanto, verniza proporcionalmente a detección dos seus elementos naquelas linguas con que se producen os intercambios. De aí quer a crítica burlesca⁶, quer a sanción máxima, mais de calquera modo nunca ollada conivente, con aqueles casos en que se proxecta algún galeguismo no español falado na Galiza. Repárese, a este respecto, en como nos primordios do século XX Álvarez Giménez (1909: XI)⁷ puña xustamente o acento nese “gran número de defectos”:

En muchas provincias de España es tal la influencia del mal uso, que personas muy instruidas, y aun los mismos maestros que enseñan la aplicación de las reglas faltan frecuentemente a ellas.

Débase á que desde los primeros años oyen palabras y giros propios y privativos de los dialectos de sus respectivos países y adoptándolos sin más razón ni examen, á ellos se acostumbran y no notan las faltas en que incurren [...]. En Galicia y en la provincia de León, y principalmente en los pueblos de ésta, donde también se habla el gallego, hemos llegado á advertir gran número de defectos respecto a la pureza y propiedad del lenguaje.

Vinculado á acción das interferencias está o concepto do purismo lingüístico, que conta con varias formulacións teóricas, cal as de Jernudd & Shapiro (1989) ou Thomas (1991). En xeral, aínda que deita as súas raíces esgazándoas no mundo antigo (bíblico, brahmánico ou grecolatino)⁸, o certo é que coñeceu as súas primeiras formulacións explícitas por volta do século

6 Cfr., a este respecto, o seguinte fragmento do artigo “O cabalo de batalla. O idioma por riba de todo” dado a lume n’*A Nosa Terra* en 1917, en que se documenta o dativo de solidariedade nunha cláusula en español: “Lembrámonos de cando noso viaxe de propaganda ó Ferrol. Ibanos camiño do teatro, e unha rapaciña díxolle a outra: ‘¿Ti sabes quen son eses: *te son los Amigos del Habla*’. E un xornal ferrolán sacou partido disto pra faguer chistes de cativa sona” (PD 66).

7 Véxanse, para achegamentos máis actuais á presenza de galeguismos no español empregado na Galiza, os traballos de López Meirama (2011) ou Porto Dapena (2008).

8 Véxanse, neste sentido, os datos contidos en Sánchez Rei (2011: 131-135) referidos ás narracións do *Libro dos Xuíces*, dos *Brahmana* hindús ou doutras obras pertencentes á tradición grecolatina.

XVIII. Enténdese como a reacción perante a desmesurada influencia dunha lingua noutra coa subsecuente reprobación, aínda que tamén outra casta de fenómenos, tales como os arcaísmos, os dialectalismos ou os popularismos son comunmente deostados. Ao longo da historia, idiomas como o español, o francés, o inglés, o islandés, o italiano ou o portugués⁹ levan coñecido diversas teorizacións a respecto do que se considerou válido ou aceptábel ou, polo contrario, inaceptábel, seguindo aquí unha das “perceptions” que sinala sobre este particular Thomas (1991: 35). Obviamente, as linguas transfórmanse co pasar do tempo, están en constante evolución, reciben influencias doutras, mudan frecuentemente “ó mesmo paso que cambia a sociedade” (Crystal 2003: 168), coexisten nelas vellas e novas pronunciacións e palabras etc. e o feito de negarmos esas modificacións pode partillar importantes puntos de contacto con actitudes ideoloxicamente conservadoras ou epistemoloxicamente ultrapasadas. Mais se esas transformacións foren mormente orientadas nunha soa dirección, a da confluencia dun idioma con outro, e se se der o caso de que a lingua que protagoniza esa harmonización estiver nunha situación de desigualdade relativamente ao punto de chegada, verase con facilidade que se torna precisa unha estratexia que involúa dalgunha maneira a tal asimilación. E esta é, precisamente, a circunstancia do galego, en que de modo case inexorábel a maior parte das súas mudanzas vai na dirección do idioma mellor considerado no país. Por iso, o galego vai decembrando, lentamente embora sen pausa, a seguir no fundamental o proceso sinalado por Hagège (2000) para o deceso das linguas.

Bastantes das referencias bibliográficas que tratan da erosión directa ou indirecta do español no galego foron dadas a lume en finais do século XIX e nos principios do seguinte¹⁰, cando a lingua conseguiu chegar a ámbitos de que fora expulsada ou a esferas en que nunca estivera antes. Nunha diversa plasmación canto ao xénero (artigos na prensa, notas en gramáticas e dicionarios, paratextos, publicacións especializadas, rodapés de obras literarias etc.), algúns eruditos fixeron unha chamada de atención sobre cuestións que hoxe centran tamén unha parte da reflexión científica. Sên-

9 En moitos destes casos, a fronteira entre a polémica noción de correcto ou incorrecto foi deliberadamente deseñada por algunha institución: a *Accademia della Crusca* para o italiano (fundada en 1572), a *Fruchtbringende Gesellschaft* no caso do alemán (creada no ano 1617), a *Académie Française* no francés (fundada en 1635), a *Real Academia Española de la Lengua* (creada en 1713) etc. A respecto da fundación destas entidades, véxase Thomas (1991: 108-113).

10 En termos cronolóxicos, enmárcanse nesta época en que se prioriza lingüisticamente o máis autóctone os anos finais do século XIX e o primeiro cuartel do XX, seguindo os autores no elemento a proposta contida en Fernández Salgado & Monteagudo Romero (1995) ao se referiren á variedade escrita da altura como “galego enxebriista”.

domos conscientes de que a Sociolingüística nace como disciplina na segunda metade do século XX, o certo é que moitos deses comentarios preludean camiños transitados por sociolingüistas en épocas posteriores ou, cando menos, anuncian temáticas que son hoxe en día especialmente recorrentes na literatura especializada galega de tal teor¹¹: estamos a nos referir, poñamos por caso, a actitudes perante o uso correcto da lingua, á asociación do galego máis auténtico co mundo rural, á detección dunhas percentaxes de utilización diferente ao compararmos as cidades e vilas grandes coas pequenas entidades populacionais, á necesidade de o galego se desfacer das influencias do español, á pregunta de onde se podería localizar o galego máis xenuíno, aos problemas da (desigual) hibridación lingüística entre os idiomas empregados na Galiza, á selección de elementos para unha presumíbel variedade común literaria etc. Veremos nesta sección como algúns autores fixeron fincapé en tales asuntos, preocupados pola conservación da lingua e pola corrosión que o español provocaba nela.

2.1. Unha meta de difícil mais non imposíbel consecución

O desexo de se empregar unha lingua o máis correcta posíbel foi un dos propósitos máis perseguidos desde a época do Rexurdimento, mais ao mesmo tempo provocou non poucas hesitacións prácticas. Habitualmente, ao se falar de norma lingüística, sobreenténdese unha referencia modelar para o conxunto da comunidade de falantes que se proxecta no ensino e que abranxe todos os ámbitos públicos en que o idioma está presente. En casos de linguas cun desenvolvemento non problemático, a norma lingüística mantén importantes friccións con factores como a variación local ou rexional ou a variación estrática. Os seus principais trazos veñen recollidos en textos especializados, adoito manuais de gramática normativa ou prescritiva, e en dicionarios que recomendan o uso de certo vocabulario sobre outro.

No caso galego, á marxe de toda esa fenomenoloxía lingüística (popularismos, rexionalismos notábeis etc.), en primeiro lugar, uníase o feito de non existir unha variedade modelar de referencia nin de carácter xeográfico nin de índole estratal. E, en segundo lugar, adicionábase a circunstancia de o idioma recibir gratuitamente unha cantidade notábel de influxos do

11 Secundamos así o sinalado por Sanmartín Rei (2009: 115 e ss.) cando pon en cuestión a “perspectiva habitual de vincular o nacemento dunha disciplina cunha certa institucionalización ou unha escenificación”, xa que, no caso da lingua galega, moitos dos debates e encontro de ideas que leva suscitado a respecto da súa proxección social son ben anteriores ao aparecemento da Sociolingüística.

español. Por este motivo, un dos asuntos que centrou non poucas páxinas é o concernente a como era entendida toda esa sorte de influencias e, sobre todo, a consecuencia máis importante que implicaba, quere dicir, a perda de autoctonía lingüística. Desta maneira, Saco Arce, no seu coñecido e interesante artigo intitulado “Poesía gallega contemporánea. Sus defectos más comunes”, dado a lume en 1876 nas páxinas de *El Heraldo Gallego*, lamentaba como até os bardos máis brillantes da época non foron excepcións perante o emprego de palabras tiradas do español:

Es uno de los [defectos] principales la mezcla de vocablos castellanos, con que inconsideradamente se mina la pureza del lenguaje. Nunca será excesivo el esmero que en este punto se ponga [...]. No ha logrado, que yo sepa, ninguno de nuestros poetas librarse de este defecto (RLG 107)

Mais todo ten unhas motivacións, quer do punto de vista histórico, coa subordinación do país a intereses políticos alleos, quer dun punto de vista máis coincidente co actual, en que, sen esquecermos as causas históricas, os diversos niveis de autoodio lingüístico explican con facilidade o desleixo co idioma. Así, unha das causas de que o pobo galego deixase a porta aberta na súa praxe lingüística a todo canto españolismo houberse hai que a procurar na pouca estima que manifesta pola propia lingua. Xa en finais do século XIX, Lamas Carvajal, no prólogo á obra da súa autoría *Espiñas, follas e frores* (1875), fai aflorar unha relativa constancia desta percepción ao comentar que as xentes do mundo rural mesturan a súa lingua “sin piedade co’a castellana” (PG 84). Porén, quen máis asisadamente ponderou este factor foi Manuel García Blanco¹² nos primordios do século XX ao pór de relevo en termos sociolingüísticos as interferencias como máis unha proba da desquerenza das galegas e dos galegos polo idioma¹³:

12 Sobre a figura de Manuel García Blanco e sobre a súa obra *Consideraciones sobre la decadencia y rehabilitación de la lengua gallega* é de consulta obrigada o volume coordinado pola profesora Sanmartín Rei (2012).

13 Quizais unha das maiores mostras desa desquerenza veña ilustrada por falantes que, mesmo reconecendo que a súa propia maneira de falar está chea de españolismos, son totalmente reticentes a eliminárenos. Cfr. o exposto en Kabatek (2000: 108-109) sobre este particular: “O rexeitamento do estándar maniféstase sobre todo no emprego de castellanismos característicos contra os que se opón un certo purismo dos planificadores lingüísticos [...]. Quen máis claramente expresa ese rexeitamento é o informante nº 30, cando di que non ten ningún interese en corrixi-lo seu galego dialectal e castelanizado” E, ao mesmo tempo, Kabatek, ao falar de máis informantes, continúa a sinalar parecidas actitudes: “Nº 24/154 fala de ‘castellanismos que non quero corrixi-los’; nº 17/28 ss. di que introduce ‘conscientemente castellanismos na súa fala cando está na súa casa’”. Conclúe Kabatek (2000: 109-110) indicando que varios “dos informantes equiparan o galego castelanizado co galego dialectal, natural e auténtico, opoñéndoo ó galego inauténtico e artificial orientado

Del lamentable desafecto del pueblo gallego a su lengua constituye también prueba concluyente la corrupción que por doquiera la afea y aniquila. En vez de los propios y genuinos de la lengua indígena, tienen en toda la región uso corriente algunos sonidos exóticos, cientos de vocablos, crecido número de frases que, en atención a su procedencia, pueden llamarse *castellanismos*, a los cuales es debido que el gallego que en el día se habla (también el que se escribe: ni aun en los más castizos escritores galaicos dejan de manifestarse los estragos de la corrupción) tenga tanto de disonante y abigarrada jerga. Y es de notar la gran aceptación de que goza el parecer de que tales barbarismos enriquecen y afinan nuestra lengua (CDR 10).

Ese lamentábel desafecto, parafraseádomos o sinalado por García Blanco, acha(ba) un triste correlato no diferente tratamento concedido ás dúas linguas empregadas na Galiza por persoas que facían uso delas. Nestes medios, non faltaron autores que puxeron unha notoria dose de cautela e coidado no emprego do español, mais que, no caso do galego, obviaron todo o tipo de deferencias cara á súa correcta utilización. Isto, asaz detectábel en escritores bilingües, inspirou unha glosa que dedicou Uxío Carré Aldao no ano 1911 á obra *Mexamorno en Viveiro*, de Ramón Armada Teixeira, na cal se salienta ese duplo compromiso lingüístico dependendo de se a obra vai escrita nun idioma ou noutro:

Algo mejor y más adecuado pudiera haber escrito su autor, en el que reconocemos facultades para ello y aun que la obra no está exenta de gracia, y escrita en un gallego aceptable y corriente, si pueden arrancar risas de la gente vulgar, no deben satisfacer nunca al escritor que debe mirar un poco más alto. Además, no acertamos a explicarnos por qué escritores pulcros y cuidadosos del lenguaje al escribir en castellano, no son tan reparados al hacerlo en gallego, como si fuera un salvo conducto para todo género de licencias el uso del idioma regional (TRG 88)¹⁴.

A procura da corrección lingüística non podía asentar nos coñecementos científicos que había sobre o galego naqueles tempos. Unha tradición gra-

no estándar”. Véxase tamén o exposto en Freixeiro Mato (2013: 214): “Está claro que moitos falantes ou tamén escritores e escritoras botan man de palabras do castelán en ocasións cando coñecen perfectamente a forma auténtica galega”.

14 No momento de acabarmos a redacción destas páxinas, saú do prelo a edición de Biscainho Fernandes & Freixeiro Mato (2014), obra en que diferentes contributos se ocupan das relacións entre lingua, teatro e normalización; véxase alí o traballo de Tato Fontaiña (2014a), o cal trata o modelo lingüístico no teatro galego de preguerra e que tamén recolle este fragmento (2014a: 28) e aínda outros de Uxío Carré Aldao que tamén citamos aquí.

matical inexistente, que comezara precisamente na década de 60 do século XIX a súa complicada singradura, aínda non fora quen de determinar con exactitude o arcaico e o moderno, o coloquial e o formal, o común e o minoritario, o correcto e o incorrecto, o foráneo e o propio; á marxe da meritória *Gramática gallega* de Saco Arce (1868), esa tradición¹⁵ tiña producido obras de nula ou escasa validez epistemolóxica, como *El habla gallega* de Cuveiro Piñol (1868), o *Compendio* de Mirás (1864), os *Elementos* de Valladares (publicados en 1970), o *Compendio* de R. A. (1919), a *Gramática do idioma galego* de Lugrís Freire etc., traballos, os máis deles, desfasados a respecto das correntes epistemolóxicas europeas¹⁶. A consecución do que se percibía como correcto foi, pois, difícil, como deixou de manifesto Couceiro Freijomil (1935: 459) ao marcar que nin sempre “encontramos –ni tampoco es posible– un modelo de corrección, de pureza, de *enxebri*smo”.

Con todo, que fose complexo empregaren un galego o máis adecuado posible non implica renunciaren a ese propósito, mesmo en termos de redención do pobo, que, non o podendo estudar, si debía ter un modelo digno de lingua. A este respecto, son ben explícitas as impresións de Marcial Valladares no prólogo á súa obra *Magina ou a filla espúrea* (1870), en que, apelando ao exemplo dalgúns vultos contemporáneos, reclama a existencia de obras en que se poida ver a lingua ben empregada:

Seámos, pois, menos folgazans; acordémonos de Rodríguez e d'a señorita Castro de Murguía; acordémonos de Mirás e, sobre todo, de Saco-Arce; imitemol-o nobre exemplo d'estes bos patricios; mirémos algo po-nos labradores e, ja qu'eles non poidan, nin teñan tempo pra estudar, estudiemos nos e démoslles siquera libros, onde vejan o noso e seu dia-leuto ben escrito e ben falado (PG 82).

15 A propósito das características das nosas gramáticas, nomeadamente as anteriores á década de 80 do século XX, véxase Sánchez Rei (2005). Sobre os estudos lingüísticos dos inicios da centuria seguinte, véxase Fernández Salgado (2000).

16 Repárese en que cando Mirás publica o seu *Compendio*, en 1864, había xa moitos anos que as obras de Bopp, Grimm ou Humboldt eran consideradas clásicas, elaboradas partindo duns principios rigorosos e cunha metodoloxía superior á que adopta Francisco Mirás. Por seu turno, na segunda metade do XIX tamén son editados algúns dos contributos de Schleicher ou Hermann Paul, hoxe xa referencias sobradamente coñecidas. Contrastivamente, os investigadores galegos non podían dedicarse ao estudo do sánscrito, ás variacións lingüísticas históricas ou mesmo a compararen as linguas indoeuropeas cando o idioma do país comezaba a ser obxecto de reflexión con varios séculos de demora. Por súa vez, Fernández Salgado (2000: 68-69), ponderando que dentro “da erudición galega, o estudo serio da filoloxía comparativa de tradición alemana ía chegar a Galicia só durante a última década do século pasado [o XIX]”, subliña a figura de Amor Ruibal, autor dos dous volumes de *Los Problemas Fundamentales de la Filología Comparada* (1904-1905), investigador que, co paso do tempo, abandonaría o interese pola filoloxía para se preocupar por cuestións teolóxicas e filosóficas.

E, mesmo sendo un propósito difícil, tampouco supuxo que se non sublimasen obras literarias que, segundo o xuízo das persoas responsábeis de as recensionaren, se caracterizaban por un alto grao de corrección en xeral. Nun artigo dado a lume en *El Heraldo Gallego* no ano 1878 louvábbase a autoctonía gramatical e lexical das composicións de Pérez Ballesteros pois “distínguense especialmente por la corrección del language, por sus jiros genuinamente gallegos, y por el especial tino que ha empleado su autor en no hacer uso de vocablos de significación dudosa” (RLG 181). Citemos, para concluímos a ilustración de tales louvanzas, máis dous comentarios realizados por Couceiro Freijomil (1935: 414) xa no século XX: o primeiro salienta os versos do Marqués de Figueiroa por estaren “escritos en el gallego más puro y atildado” e inclusive por reflectiren “claramente la ternura que esta tierra le inspira; o segundo fragmento fai notar “el gallego puro, límpido, escogidamente popular de Lesta Meis”, pois, de acordo co autor eumés, estaríamos, perante o escritor herculino, non só dun “exquisito artista, sino ante uno de los mejores cultivadores contemporáneos de la prosa general” (Couceiro Freijomil 1935: 457).

Que a meta de empregar un galego autóctone foi un propósito que se se pretendeu conseguir ou, cando menos, que constituíu unha seria vontade en determinados escritores parece vir probado polo feito de eses mesmos autores trataren de se desculpar porque o seu estilo literario podía parecer pouco castizo, ao cal se apuña a ansia de ponderar o conxunto. Esta *captatio benevolentiae*, tamén presente noutras épocas mesmo en vultos da literatura galega contemporánea como Rosalía ou Fole, foi a que levou Francisco Álvarez de Novoa, nas palabras liminares á súa obra *Pé das Burgas* (1896), a facer un chamamento sobre tal particular:

Por eso atoparedes, cicais, n-este libro algunha palabra que non sexa tan enxebre como deseárades, algun xiro típico virado; pro, si como andaluz que son, ben podría disculparme n-os defectos da fala gallega, prefiro que busquedes a razón da falta n-a beleza da frase, n-a lindeza do conxunto, n-a tersura, si así deixádesmo decir, da parrafeada (PG 126).

Noutras ocasións, sendo o autor consciente de que o seu propio estilo literario podería conter elementos foráneos e non empregar vocábulos autóctones, acudíase ao descoñecemento lingüístico, á falta de memoria ou ao grao de españolización daquilo que se tentaba reflectir por escrito literariamente. Tal foi a intención de Vidal Rodríguez no ano 1920 ao redixir o preludio ao libro *Contos d'antano e d'hogano*:

Rógovos me desimuledes o emprego de certas palabras do idioma de Castela, xa por non conocer ou non acordarme de todas as galegas enxebres, xa porque moitas son comúns, como e natural tratándose de dous idiomas hirmaus, xa porque vos contarei os meus contos, non no linguaxe literario dos poetas, sempre algo artificioso, se non no galego do pobo en que pouco máis ou menos mos contou, na vendima do meu abó D. Melitroncho, o tío Xubete de Barrademiño, e nas esfollas do millo da miña casa, a velliña do meu lugar (PG 185-186).

Ao mesmo tempo, as consecuencias do contacto entre variedades locais diferentes foi unha das xustificacións utilizadas para explicaren o motivo de que o idioma non fose todo o auténtico que debería. Neste sentido, adecúanse con propiedade as impresións de J. M. López na súa obra *Contos de pol-a vila* (1928) cando daba conta de que non existen, do punto de vista xeográfico, fronteiras ríxidas entre os diversos falares:

Tamén pudera suceder que algunhos digan que non é gallego enxebre, ou que ten moito de asturiano; outros en cambio dirán que ten muy pouco ou nada de portugues; estos yaqueles deben ter presente que según a provincia limítrofe así infruyen na fala unhas y as outras, sin que se poda fixar o límite unde principia é unde termina unha lingua ou dialeuto (PG 247).

Por outro lado, o debate entre as persoas partidarias de que o galego fose empregado tal e como se ouvía popularmente e aquelas que demandaban certo grao de depuración e estilización xerou tamén opinións encontradas. Se na actualidade, por parte dalgúns sectores, se chega a percibir a hibridación co español como algo habitual neses rexistros de lingua coloquial, e se noutros tal mestura é sentida como algo totalmente fútil e desnecesario, chama a atención como nos devanceiros do século XIX e nos do primeiro cuartel da centuria seguinte tamén se achan voces que proclaman que non é preciso ningún tipo de intervención na lingua, pois é o galego espontáneo e popular ao cal non lle acaen esas medidas. Tal é o parecer do antirrexionalista Joaquín de Arévalo, que en 1888 deixou escrita na cabeceira *Galicia. Revista Regional* un texto en que se manifesta partidario desas variedades coloquiais e populares, sen seren regradas ou destonadas de barbarismos:

¡Ah!... respeto que se conserve el gallego como un monumento de cariño; como se conserva el latín, por conveniencia, y el griego, que nadie habla, como un manantial etimológico; pero no le alcemos gramáticas; dejémosle que viva descuidado y abandonado á si mismo, que así será más bello. No le sujetemos al compás del arte y de las pretensiones, no le pongamos ligaduras pedagógicas, y dejémosle que brote espontáneo y puro, toscos y selvático, lleno de ignorancia, de buena fe y de mimo (RLG 348).

Este mesmo autor, nada sospeitoso de apoiar a causa do galego, sabía que desa forma a lingua acabaría confluindo co español até se fundir con este, que é outro dos graves problemas que ameaza a sobrevivencia do idioma, cal é a desaparición por absorción: “si el gallego fué uno, ha sufrido transformaciones de localidad y las sufre diariamente hasta venir á parar, en forma insensible, al castellano (RLG 347).

Con diversos graos de intensidade e de matizacións, por tanto, houbo partidarios da utilización dun modelo de lingua firmemente vinculado aos rexistros máis coloquiais. Este punto de vista sobre o camiño que debía orientar o galego literario inspirou comentarios en que se parabenizaba esa corrente de proximidade entre a lingua oral e a escrita. Neste sentido, resulta lóxica e ben significativa a seguinte citación de J. Barreiro Meiro, o cal se declara firme seguidor dun modelo de lingua popular no rotativo *Galicia. Revista Regional* en 1888 e pondera o grande vínculo existente entre a fala do pobo e certas obras e autores:

Hay escritores –admira V. la palabra– que cuanto más zafio y cerrado vá, mejor y más castizo les parece. Composiciones, ó lo que sea, he visto, y guardo quizá para solfear algún día, que nunca las pude leer; tales están de aporuguesadas y rústicas, como yo digo. Por eso, al par que no pude leer á estos, admiro á Rosalía y Añón, mis ídolos, y me deleitan obras como los *Cantares* y el *Cancionero popular gallego*, porque en estos libros veo á mi pueblo tal cual es, usando, no desabrida y ruda jerga de palabras montunas, sino *fetiticeira faliña* tan dulce á mis oídos como los matinales gorjeos de la alondra (RLG 308).

E até algúns anos máis tarde aínda se continuaba a pensar, por parte de certos escritores, que a mellor referencia lingüística para unha correcta utilización do idioma proviña das variedades utilizadas no mundo rural. En 1930, no prólogo de García Hermida á obra de Chao Ledo *Poesías*, o autor de tal prefacio, entre tópicos vinculados á lingua, non tiña reparos en salientar ese tipo de rexistros:

A millor maneira de traballar por conservar, difundir e perpetuar a lingua gallega, doce, sinxela, e garimosa como a falaron nosos bisabós, e, n-a nosa humilde opinión, publicar libríños, xa en prosa xa en verso, d'aqueles qu'a recolleron directamente d'os rústecos gallegos, entr'as uces, as brañas e os toxos d'a montaña, alí donde non chegou aind'a pranta d'os modernos Atilas d'o noso linguaxe, brando coma unha caricia, tenro como un arrulo d'amor (PG 255).

Mais dificilmente se podía ou se pode acudir en exclusiva ao pobo para empregar un modelo de lingua autóctone. Mal lle vai a un idioma no cal

a autoridade lingüística ten de ficar representada só polos utentes, sen ter en conta a elaboración estética que del fan as escritoras e os escritores e sen conceder atención á reflexión científica por parte de especialistas da gramática e da filoloxía. Repárese, neste sentido, en que, lonxe de elitismos, tamén as autoras e os autores proveñen do pobo, dese mesmo que conseguiu manter viva a lingua, a lle concederen un grao de estilización estética e artística¹⁷. Por iso, como hoxe, tamén houbo persoas que reclamaron que a escrita non ten de coincidir exactamente coa oralidade, como sinalou Álvarez de Nóvoa no prólogo a *Pé das Burgas* (1896); se callar con algún exaxero nalgunha das comparacións, non hesitou en negar esa identificación:

Algún habrá, seguramente, que dirá que os idiomas deben falarse y-escibirse como son: pra eses non escribo eu; pro si escribira, podríalles decir que en todo o mundo civilizado, o linguaxe que se fala non se escribe, que os vicios e corrupciós de todol-os idiomas non pasan xamais da boca do pobo ás páxinas da prensa, nin xiquera ôs labeos da sociedade medida [...]. E que non me digan que o que escribe pro pobo, si eu pro pobo escribira, ten que falar como o pobo: contestaríalle eu que estonces menos como eles falaría, porque tñendo que cumprir os dous deberes de recrear e ilustrar, faltaría ô segundo dando por boas as corrupciós do seu linguaxe, e daríalles pê pra seguir n-o erro. Sin que a comparanza traspase os límites dos sentimentos humanos, voulles pôr un exemplo, si non riguroso n-o fondo, gráfico pol-o menos: ¿Cando un home agasalla ou rifa a un can, ladra como él? (PG 126).

Como é sabido, durante a preguerra ampliáronse os horizontes temáticos e expresivos na literatura galega. Vicente Risco, por exemplo, publicaba un artigo n'*A Nosa Terra* no ano 1927 intitulado "Da renacemento galego" en que referiu con precisión esa circunstancia: "si os nosos mestres do XIX non empregaron o galego máis que na literatura, nós empregámolo pra falarmos de ciencia, de filosofía, de economía, de historia, de política. Precisamos por iso un caudal de verbas moito meirande que o que iles precisaban" (PD 99). Non vira estraño, por tanto, que certos vultos sinalasen

que as obras en galego de antes da Guerra Civil xa non se podían facer equivalentes a temáticas e rexistros rurais, pois a vinculación tan profunda coas falas tradicionais das xentes do campo e do mar de había algún tempo non resultaba tan evidente. Así, Carré Alvarellos, nas "Verbas limiares" do seu dicionario (1928), puña en relevo o feito de que os textos desa época xa non transcribían os "parrafeos dos labregos", mais que posuían outras fontes de referencia estética:

Os modernos escritores se non conforman xa con transcribiren os rústicos parrafeos dos labregos e xentes incultas, como cáseque en absoluto facían os literatos galegos do século XIX, senón que engaiolaban as maxinazóns da súa fantasía en recedentes e froridas verbas, en galanas frases; como en tempos fixérase cando a fala galega era idioma de nobres, señores e poetas, e espresión axeitada de sabidos frades e doutores (PG 238).

Con palabras de sentir similar foi como se exprimiría uns anos máis tarde Ramón Villar Ponte, o cal, no seu artigo "A unificación da língoa", dado a lume na revista *Nós* en 1935, subliñaba os avances da escrita en galego ao se comparar cos tempos anteriores:

Botando a ollada atrás, craramente se albiscan os grandes progresos feitos polo galego dende que as beneméritas "Irmandades da Fala" xurdiron á luz pública. Na colección de "A Nosa Terra" en colección da revista "Nós" poden apreжаться, nidiamente, os adiantos do léxico e de ortografía abranguidos polo galego no seu cultivo cotián feito nas columnas das citadas publicacións e nas obras que dende entonces viñeron aparecendo sen interrupción [...]. Por sere eisí, indubidabelmente, non poderá menos de afirmare o que tal faiga que o galego dos anos, xa un pouco alonxados, da iniciación da nosa renacemento idiomática, que o galego das primeiras e iniciais manifestacións escritas do rexurdir da nosa gloriosa lingua é un galego que, ao se comparare co que hoxe se escribe, ten xa percorrido un bo anaco de camiño (PD 90).

En último lugar, ninguén pode negar a importancia que teñen gramáticos e lingüistas na elaboración da variedade culta dun idioma. Mais, dada a situación dos estudos gramaticais e lexicográficos galegos na altura, xa comentada máis arriba, non é de estrañar que se producisen reflexións en voz alta sobre a necesidade de que tamén para o galego as persoas máis entendidas tomasen partido en cuestións morfosintácticas ou lexicais. Gómez, na obra *Grafía galega* (1927), demandaba ese tipo de implicacións lingüísticas, ao paso que denunciaba que unha boa parte da intelectualidade galega só era consciente do seu propio tipo de lingua:

17 Cfr. as palabras de Sanmartín Rei (2009: 41): "Repítese até a saciedade, nas aulas, nos manuais, en conferencias e debates, que foron as masas labregas e mariñeiras, o pobo traballador, as que conservaron e transmitiron o galego para hoxe podermos gozar del e sermos un novo elo da cadea. Reitérase isto sen lembrar que foron escritores e escritoras (cuantitativamente menos mais de grande importancia cualitativa) as persoas –tamén pobo e tamén traballador– que fixeron posible a súa restauración culta comezando un proceso de dignificación sen cuxa axuda de ben pouca utilidade nos sería hoxe un idioma ágrafo e carente de recoñecemento social".

Os gramáticos e os isquirtores portugueses, franzezes, italiáns, hespañoes, etc., son os qui dan á coñeszer aos pobos da sua fala as regoas pra falal-a con propiedade e isquirbil-a correitamente; pro os gramáticos e os isquirtores galegos eispoñen o preteisto difizilmente alegabel, pra eludire iste compromiso, de qui pode isquirbirse dino e *diñificar*, *viño* e *vinagre*, *auga* e *agüeiro*; e qui tan correito é isquirbir *desconsolo* coma *esconsolo*, *vacía* coma *bacia*, *éche certo* coma *é certo*, *n-o* ou *n'o* coma *no*, *ves* coma *vez*, *Galicia* coma *Galiza*, *gallego* coma *galego* [...]; perqui eisí é coma fala o noso pobo, de tud'o cal dedúze-se qui os inteleituaes galegos non coñeszen mais particularidades da sua lingua qui aquilas qui ouservaron nos demais galegos ao ouvil-os falar¹⁸ (RG 221)

En síntese, podemos convir en que a preocupación por un modelo lingüístico digno suscitou non poucas reflexións xa desde os tempos do Rexurdimento e en que se trata, subsecuentemente, dunha vontade de restauración e de dignificación do idioma que ten tempo entre nós. En calquera comunidade de falantes, o pobo non é o único protagonista do uso e da elaboración do idioma, mais tamén desempeñan papeis fundamentais as persoas que estudan as súas singularidades gramaticais e aquelas outras que constrúen artisticamente o seu cultivo literario. O galego, tanto naquela altura como agora, ten de aspirar a conxugar este triplo protagonismo.

2.2. Onde procurar un modelo autóctone

A ansia de ser utilizado un galego xenuíno e *enxebre* levou asociada unha subsecuente pregunta: onde se pode achar esa variedade que debía servir como referencia. Recoñecida, cando menos en aparencia, a necesidade de encontrar ese modelo de lingua, xurdía agora como dar conta de tal cuestión, tal e como fora xa solucionada para o francés coa fala da rexión de París, para o italiano coa da Toscana ou para o inglés británico cunha das variedades londinenses. E se hoxe en día esa pregunta non ten unha resposta doada por non existir na actualidade unha estandarización de base monodialectal mais polidialectal, facilmente poderemos imaxinar as dúbidas que este mesmo asunto debeu de inspirar na época.

Normalmente, unha das eivas que se apuñan para a consecución da tal meta partía da exaxerada idea de a lingua se atopar nun extraordinario

18 Unificamos o destaque das formas sinaladas polo autor, xa que se combinaba no orixinal o uso da tipografía itálica co da negra.

estadio de fragmentación lingüística rexional (Sánchez Rei 2011: 219); tal é o que se deduce do “Parrafeo” asinado por Roque Grilo Berzas n’O *Tío Marcos da Portela* en 1884:

Pois asi tamen eu queria que a nosa fala gallega fose á millor cada dia. Mais dirame O Tio Marcos zen que consiste ir á millor? Eu tamen lle preguntarei: dí o O Tio Marcos que fala o gallego enxebre, e eu preguntolle, ¿cal é o gallego enxebre? ¿que razon me dá pra conocelo? Pois vexo que tantos son os lugares, tantos son os falares: nunha feligresia que ten cinco lugares, ten cinco falares: e tantos lugares hay n-a nosa provincia e n-as outras de Galicia como outros tantos falares. E ¿cál é o que millor fala? ¿cál é o verdadeiro? (RLG 1241).

A opinión de López Ferreiro en 1895 sobre a diversidade dialectal do galego e sobre que forma debería ser a empregada na lingua literaria ten moito en conta o que, a seu ver, pasaría por ser o máis habitual e reomendábel en todo o país, reparando xa na existencia das esperábeis diverxencias locais: “n’algunhas comarcas de Galicia dicen *fento* (helecho) ao que noutras se chama *fieito*, mais aquí non habemos de ir tomando nota das diversas formas que poidan usarse en cada país, sinon do que é mais usual e correuto en toda a rexión gallega” (RG 124).

Como quer que sexa, entre comarcas e rexións, entre áreas e zonas, a sensación maioritaria fixo corresponder ao mundo rural aqueles lugares onde o galego se conservaba de modo máis puro e auténtico, adoito sen seren localizados os territorios en que, a xuízo dos autores, se poderían detectar esas variedades xenuínas. En ocasións, matizábase que a dexeneración da lingua era proporcional á proximidade das cidades, conforme escribiu en 1859 José Montero y Aróstegui na *Historia y descripción de la ciudad y departamento de Ferrol* ao salientar que “las costumbres y hasta el dialecto gallego, conservado en las aldeas, van degenerando según se acercan los pueblos á la capital del departamento” (RLG 50). As montañas máis afastadas e as localidades con menor contacto coa vida cidadina garantían, segundo outros, a procura da xenuinidade lingüística, segundo se pode ler neste excerto de Cuveiro Piñol proveniente do seu *Diccionario gallego* de 1876: “Se advierte además, que en los pueblos y localidades más montañosas ó que están en menos contacto con los grandes centros, es en donde se conserva más puro el lenguaje” (RLG 100).

Non faltaron tentativas de correspondencia entre certas variedades locais a respecto de modelos que debían ser imitados. A cuestión de en que rexión da Galiza se podería achar o galego máis autóctone podía ter como resposta unha comarca afastada considerabelmente da zona de procedencia

da persoa que emitía esa casta de xuízos valorativos, unha práctica que se mantén aínda na nosa época¹⁹. Confróntese, ao respecto, a multivalencia lexitimadora que concedía Aurelio Ribalta en 1894 na introdución á súa obra *Ferruxe* a diversas áreas do territorio:

non falan gallego en todo Lugo, nas montañas d'Ourense, nas feiteiras Rías Baixas, na Mahía, na terra de Xallas? N-algunhas partes d-istas que nombro, e noutras tamén, fálase gallego con tal primor, que mesmo é cousa delicada; e un meu ilustre amigo dicíame n-unha carta, qu'il mesmo tivera na súa casa unha rapaza de Sobrado, que falaba en gallego c'unha diución tan enxebre, que non había máis que pedir (PG 117-118).

Ás veces, a pretensión de identificar locacionalmente a zona onde se mellor empregaba a lingua podía implicar, por un lado, unha certa comparación (atenuada) coa procedencia do autor, e, por outro, a imprecisa asunción de que o uso máis se achaba no centro do país. Así o entendeu Pla Zubiri cando sinalou no prólogo a *A tola de Covas* (1917) a relación entre as diferenzas lingüísticas de Viveiro e o galego “enxebre” que se utilizaba “n-o centro” da nación:

Calquera que conoza a crás de gallego que se fala en Viveiro y-as suas circanías, dende logo advertirá, ô lêr este poema, que o lingoa que n-él sempre non é esautamente igoal ô que alí se usa. Esí ê. Pro meu desexo, ô esquirbir a obra, foi achegarme canto mais poidera ô gallego *enxebre* que se fala n-o centro d'a nos'amada Galicea, mirando co'esto â perfección d'a fala mais que â certeza d'a sitoación d'os personaxes d'o conto (PG 155).

Na identificación dos lugares en que se empregaba mellor a lingua podían combinarse a referenciación xeográfica con algún tipo de recoñecemento ao autor en cuestión. Así as cousas, por exemplo, Aurelio Ribalta non dubidou en observar as falas da Costa da Morte na obra de López Abente por causa da publicación de *Alento da Raza* (1917): “Por fora deste, que da un certo carate de xeneralidade à lingua deste libro, vese ben que o señor Ló-

pez Abente emprega o subdialeto muxián, que ié moi ben acusado, sobre todo na súa fónica, anque sin deixar de selo tamen que na súa morfoloxía” (PG 162). E, na devagariñada pasaxe da ribeira atlántica aos vales interiores, Canto Lorido declara ser imitador do estilo de Noriega Varela (autor “castizo”) na súa obra *D'a Terra* (1918): “Non retrato a Galicia ô xeito, nin co-a fala de Rosalía nin Pondal, senon n-a maneira de falar que teñen n-a terra donde Noriega Varela –poeta castizo hastra n-a máis– bebeu a inspiración cando publicou o seu libro ‘Montañasas’” (PG 167).

Deixando de parte as con frecuencia imprecisas localizacións a respecto dos lugares en que procurar a lingua en estadios máis puros, a respecto, por tanto, dos sitios en que a calidade da lingua sería máis notoria, a maior parte dos autores si puido elevar a común a sensación inicialmente individual de que nos grandes centros populacionais tal propósito non era viábel. Moitas e moito variadas foron as impresións que a este propósito se deron a lume nos anos finais do século XIX e nos primordios da seguinte centuria, nin todas de igual valor e tamén nin todas de idéntica transcendencia. Algunhas, como esta de Murguía proveniente da súa *Historia de Galicia* de 1865, ponderaba a práctica equivalencia entre a lingua medieval e a da altura, excepto nas proximidades das cidades, zonas en que se permitía a entrada a españolismos sen grandes problemáticas: “Cuatro siglos hace que el gallego existe, casi idéntico al que se hablaba en tiempo de los Reyes Católicos, pues solo se admitieron ciertas palabras castellanas en las cercanías de las ciudades” (RLG 63).

Resumindo o contido nesta epígrafe, achamos como a vontade de dignificar a lingua mediante un uso considerado máis adecuado tratou de facer equivaler a maior dose de autenticidade co mundo tradicional, normalmente lonxe da autora ou do autor do comentario. Aínda que tales observacións as saibamos hoxe imprecisas ou falsas a teor dos estudos de filoloxía galega, certo é que non foi falsa a querenza pola procura da variedade máis pura, moito embora carecese de fundamentación a maior parte desas referencias locais.

3. Lingua popular, mais autóctone

Vista a vontade de usaren os nosos devanceiros do século XIX e XX unha lingua o menos interferida posíbel polo español, imos centrar agora a atención no denominado comunmente “galego popular”, que responde a un heteroxéneo conxunto de variedades, de especial significación na oralidade, enmarcábeis todas elas en epígrafes cruzadas diafásica e diastrati-

19 No fondo, o que está detrás deses xuízos de valor é unha mínima ou nula querenza pola propia lingua. A este respecto, Fernández Rei (1991: 35-36) apunta que “mentres nas Rías Baixas se considera que ‘falar pola jota e pola ese’ é falar mal e que os que falan ben son de Lugo e de Ourense, que din, entre outras cousas ‘maus e non mans’, para moitos lugueses os que usan o *bo galego* son os das Rías Baixas e mailos de Ourense, ô igual que para moitos ourensáns son os de Lugo os que falan ben; outras veces, son lugares da raia de Portugal, ou de Asturias, os depositarios do *galego verdá*, pero nunca a fala dun mesmo, o que denota unha ausencia, aínda moi xeneralizada, de autoestima lingüística”.

camente²⁰. Por un lado, o contexto, máis formal ou menos formal, máis coidado ou menos coidado, máis familiar ou menos familiar, determina varias desas modalidades lingüísticas, de modo que nos acharíamos perante modos distintos de se usar un idioma determinados pola situación comunicativa ou polas persoas que eventualmente axiren como interlocutoras: alguén é capaz de alterar o seu estilo dependendo de con quen falar, isto é, acomoda o seu propio idiolecto á audiencia dese momento. Por outro lado, certos colectivos profesionais ou pertencentes a diferentes camadas socioeconómicas presentan trazos idiomáticos que con grande dificultade se van detectar noutros grupos sociais; nesta liña, o traballo, a formación, o grao de culturización, o lugar en que asenta a vivenda etc. constitúen outras das tipoloxías da variación, coñecidas comunmente como “variedades diastráticas” ou “estratuais” vinculadas con certa frecuencia á existencia das clases sociais e facilmente agrupábeis, xunto ás contextuais, baixo a epígrafe de *variedades sociais* da lingua.

Acontece nos nosos días que as variedades populares parecen ser as únicas identitarias en termos lingüísticos, negando así ao galego toda unha ricaz gama de rexistros de que dispoñen todas as linguas normalizadas. O traballo de Kabatek (2000) proporciona abondosos exemplos en que unha grande parte de informantes afirma sen dudar que o galego con que unicamente ou mellor se identifica é o dos estilos coloquiais e familiares. Poderemos observar que en determinadas obras teatrais tamén se tratou de identificar o galego con rexistros marcadamente popularizantes que nada ou pouco favorecían a súa recuperación, coas lóxicas críticas de persoas preocupadas pola lingua. E tamén veremos como, mesmo nas variedades en que se transmitiu o cancionero tradicional anónimo, se atesta unha certa vontade de detección de elementos daniños para o idioma, adoito españolismos.

3.1. Dignificar a lingua e dignificar o teatro

En finais do século XIX e no principio do seguinte, algúns textos dramáticos, pensados para un público fundamentalmente popular ou até para provocaren nel o riso a respecto do propio idioma ou das propias personaxes e contextos desas obras, tiveron na hibridación e vulgarización da lingua fáceis

maneiras de conseguiren o aplauso efémero (véxase o traballo de Tato Fontaiña neste mesmo volume). Esas *variedades sociais* da lingua de que antes falabamos responden en moitos casos a composicións como as editadas recentemente por Tato Fontaiña (2014b), en que o galego aparece consciente e fortemente barbarizado. De toda esta problemática consistente en españolizar e vulgarizar o galego para xerar o riso foi moito consciente Carré Aldao²¹, o cal, comentando uns *Apropósitos* de varias localidades e de diversos anos, sinalaba asiadamente nos primordios do século XX tan desnecesario recurso, conforme expón máis adiante Tato Fontaiña neste volume: “desgraciadamente los autores emplean un gallego desfigurado, bárbaro y lleno de disparates con objeto de provocar la risa del público indocto” (TRG 92). Na verdade, trátase dunha idea presente nas reflexións do intelectual coruñés e que plasmaría en diferentes ocasións, glosando textos levados ás táboas, o cal verifica a doada confluencia entre restaurar o idioma con o empregar dun modo digno. Deste modo, a comentar a obra de Castor Baltar García *Cuatro simples y un compuesto* (1891), acentúa a súa crítica na mestura entre as dúas linguas, sobre todo ao abusar dela comicamente no xénero dos *apropósitos*; a última parte do seguinte excerto non ten perda:

El lenguaje utilizado no es gallego ni castellano: es ese *patois* al uso, que muchos ponen en boca de los gallegos y que, si encuentra disculpa y es pasadero en obras como en la que nos ocupamos, escrita sin pretensiones y con el sólo objeto de hacer reír, debe ser desterrado de nuestra escena, aún de los *Apropósitos* en los que tanto se abusa de su empleo, utilizando ese lenguaje, siempre bárbaro cuando pretenden pintar tipos populares.

El ingenio y la gracia deben procurarse al escribir por algo propio, y no por medios rebuscados a fuerza de barbarismos y disparates (TRG 51).

21 Obviamente, Carré non sería o único en percibir como a lingua era aldraxada en certas manifestacións teatrais, que nada facían pola súa recuperación e proxección sociais. No prólogo ao *Vocabulario Popular Galego-Castelán* (1926), Filgueira Valverde, Tobio Fernandes, Magariños Negreira e Cordal Carus denunciaban tamén esa tan cuestionábel utilización do idioma: “O idioma galego que chegou, asoballado pol-o castelán, a arrecantarse nas aldeas, fuxindo da burocracia alleeira das vilas, a vella fala dos Cancioeiros, que fora língoa poética no meioevo das terras occidentaes, veu a usarse en noxentas antroidadas e o pobo mesmo tivo a míngoa o empregal-a” (RG 212). Tamén Carré Alvarellos retomaría unha das ideas relativas á importancia do público no compromiso artístico-dramatúrxico entre actores e actrices, autoría, personaxes e público, mais manifestándose ben antes partidario de que non fose este o que orientase a elaboración de obras para conseguiren un suceso fácil; así, nunha conferencia organizada pola “Sección de Cultura e Fala” das Irmandades da Fala da Coruña e posteriormente publicada n’*A Nosa Terra* en 1923 expuña o seguinte: “O público ten certamente unha gran forza, como que é en definitiva o que consagra ou anula xeneralmente aos autores; e os autores déixanse arrastrar por el somentense á súa influencia. Noustante, inda que unha boa parte do público ri coas choqueiradas e crudezas e gusta delas, gusta máis das cousas ben feitas, como se proba decote. A parte de que, como dixo Benavente: ‘O verdadeiro artista non fai obras para o público; prefere facer publico para as súas obras’” (PD 159).

20 A respecto do “galego popular” pode verse o exposto en Freixeiro Mato neste mesmo volume. Por parte da propia comunidade de falantes, esas variedades son entendidas, de acordo cos datos que ofrece Iglesias Álvarez (2002: 198), tirados directamente de informantes, con denominacións como “castrapo”, “cerrado”, “gallego coloquial”, “gallego del pueblo”, “gallego de casa”, “gallego normal”, “gallego de andar por casa”, “castellano gallego mezciao”, “o noso galego”, “galego noso”, “mezcla esa do castelán e o galego”, “puro galego”, “castrapismo” etc., opostas ao percibido como “galego estándar”, “galego normativo”, “galego académico” etc.

Repárese, igualmente, no comentario á obra *Assembleas populares* (1910) de Amador Fernández Diéguez, texto que lle merece a seguinte crítica orientada a aqueles autores que procuran o riso doado:

con mayor o menor fortuna y acierto traídos a cuenta, los que si bien no mal delineados ni exentos de gracia, en cambio resultan desenfocados por empeñarse su autor, como tantos otros a quienes censuramos, en buscar el efecto haciendo hablar a sus personajes, al caracterizar gentes del campo, ese lenguaje híbrido y falso que tan general se ha hecho al presentar en escena al aldeano gallego. No sabemos cuándo veremos limpio al teatro regional en ese defecto tan corriente y con el que muchos pretenden hacer reír, como si hablando en puro y neto gallego no pudiese lograrse ese fin, precisamente cuando tanto partido puede sacarse estudiando bien los tipos y dotándolos lisa y llanamente de la ingenua socarronería de nuestra población rural (MCP 82)

Así pois, o propio dramaturgo herculino é consciente de que as obras confeccionadas cunha linguaxe pouco apta ou estilizada e cuns protagonistas asentados en preconceitos do mundo tradicional non podían dignificar na altura o teatro na nosa lingua:

Si las primeras obras, destinadas quizás a no ser sino mero objeto de lectura, acusaban la inexperiencia de los que desconocen los resortes escénicos; si sus asuntos y trama eran más para leídos que para representados; si sus personajes y argumentos eran buscados con preferencia en la población rural, con todos sus defectos y ninguna de sus buenas cualidades; y si el lenguaje empleado era generalmente tosco, con todas sus incorrecciones y vicios fonéticos, no es difícil apreciar cuánta y cuán grande resonancia tuvo el modo de ser y presentarse nuestro teatro al ver en escena verdaderas creaciones dramáticas, manifestaciones fidedignas de la vida (TRG 36).

Mais o feito de comprar o recoñecemento doado e o riso rápido mediante a recorrencia á burla de personaxes inspiradas no mundo rural²² non foi o único

22 Con todo, repárese en que as críticas de Carré Aldao á deformada lingua con que se caracterizaban esas obras teatrais non deben ser entendidas cunha análoga reprobación dos denominados “dialectos dramáticos especiais”, na terminoloxía de Gleason (1985: 428-429), que son as variedades utilizadas por actores e actrices para caracterizaren conscientemente a fala de persoas doutras rexións. Trátase na realidade de estilos relativamente artificiais e convencionais que serven para o público localizar a zona de procedencia desa personaxe, aínda que non haxa unha correspondencia completamente exacta; no caso do inglés da Irlanda ou do empregado por descendentes de xente vinda desa illa, Gleason pon en relevancia que “nenhum irlandês fala como o ‘irlandês’ típico da rádio ou do palco”, aínda que os trazos lingüísticos utilizados por ese actor ou actriz para se meter na personaxe fan que esta poida ser considerada natural da Illa Verde con facilidade. A este

dos albos a que Carré Aldao orientou as súas certas setas. Ao longo de toda a súa *Memoria crítico-bibliográfica del Teatro Regional Gallego* son abundantes os comentarios a obras cuxa lingua se achaba exaxeradamente deformada. Deste modo, *A torre de Peito-burdelo* (1891) de Galo Salinas foi comentada a expor que o “que perjudica grandemente a esta obra es la grandísima incorrección de su lenguaje y el desconocimiento imperfecto del verdadero significado o acepción de los vocablos, como los prueban [sic] su empleo inadecuado”²³ (TRG 49). Dardos máis agudos foron os que orientou para Ricardo Caruncho, tanto por *Maruxiña* (1897) canto por *La vuelta de Farruco* (1898):

Si el Sr. Caruncho se hubiera circunscrito únicamente en su colaboración, ya que el Sr. Cuevas no era gallego, al presentar los personajes regionales, bien delineados y hablando castellano, mejor hubiera hecho que no dotarlos del carácter grotesco con que los revistió y poniendo en sus labios, aún en los de Lourenza y Maruxiña, los dos mejores trazados de la obra, barbarismos, incorrecciones y un lenguaje que más bien es jerga, pero jerga [...] inventada por el autor.

De no ser así, la obra pudiera haber sido una de tantas que, si no dan gloria a sus autores, tampoco puede decirse que sean malas. Mas faltaron, o mejor dicho, faltó el Sr. Caruncho a los buenos propósitos indicados en el prólogo y, queriendo que el gallego inventado por él fuese comprensible para todos, lo que logró fue hacer un lenguaje ininteligible a cualquier público, pues si al menos hubiera sido gallego neto y puro lo comprenderían entonces los naturales de nuestra región. Fue tal empleo una de esas ligerezas imperdonables que ni tienen, ni puede caber disculpa para ellas (TRG 57).

[*La vuelta de Farruco*.] Otra obra bilingüe de este escritor, y decimos bilingüe por decir algo, pues el gallego empleado es digno hermano de aquél de que usó y abusó en *Maruxiña* (TRG 61).

A preocupación do dramaturgo coruñés por un idioma dignificado na escena tamén o levou a salientar aqueles textos que, na súa opinión, se aproximaban do que entendía como galego correcto, o que parece constatar a relevancia que concedía a esta cuestión. A lingua popular podía ter tamén a súa cabida na dramaturxia e non por iso tiña de estar (in)conscientemente erosionada polo español. Non tivo hesitacións, por exemplo, en dirixir al-

respecto, quizais valla a pena lembrarmos aquí como exemplo as variedades de galego empregadas nalgúns series recentes da Televisión da Galiza: nunha delas, cuxa acción transcorría nunha vila da Costa da Morte, os protagonistas posuían trazos lingüísticos típicos desa rexión, como a *gheada* e o *seseo*, embora obviamente non sexan presentemente as únicas características da lingua da zona. Cfr. o exposto en Sánchez Rei (2011: 50-51).

23 Citación tamén reproducida en Tato Fontaiña (2014a: 27).

gunhas louvanzas a outra obra de Galo Salinas, *Filla...!* (1892) precisamente porque “el lenguaje es casi correcto y libre de los errores considerables en que incurrió Salinas en su primera obra” (TRG 52)²⁴. E tamén non dúbido en pór en relevo outras obras, cal *A Ponte* (1903), de Manuel Lugo Freire, tendo moito presente, embora non só, as características do idioma da obra, afastadas da recorrente vulgarización tan común en certa tipoloxía de textos dramáticos; o seu galego “es puro y correcto, que como ya dejamos dicho estuviera hasta entonces substituído en escena. Sus personajes tienen el grandísimo mérito de que hablan y discurren, tal cuales ellos son, sin chocarrerías tan frecuentes en otros autores” (TRG 64)²⁵. Nin deixou de comentar que *O embargo* (1910), monólogo en verso de Avelino Rodríguez Elías, estivese “expresado en versos fáciles y gallego correcto” (TRG 86) nin tampouco que a obra de Heliodoro Fernández Gastañaduy *Un vello paroleiro* (1912) fose redixida en “gallego fluído y correcto en el que se refleja, sin necesidad de apelar a determinados efectos en que incurren otros autores, toda la gracia noventa [sic] y maliciosa retranca de nuestros petrucios” (TRG 89).

Concluindo esta sección, parece pertinente subliñarmos a actualidade que caracterizan as impresións de Carré Aldao, sobre todo se tivermos presentes determinados produtos audiovisuais dos medios públicos nos cales, en aras do aplauso sonoro, se aldraxan os trazos lexicais e gramaticais do galego²⁶. Vira necesario, pois, acudirnos a tan desmesuradas deformación e españolización? A noso ver, non ten de se confundir “galego popular” con “galego populacheiro”, na liña do sinalado por Sanmartín Rei (2009: 237).

24 Cfr. tamén as opinións sobre as características do galego desta obra expostas por Carré Alvarellos nunha conferencia antes comentada: “Esta obra, que é puramente pasional, se ben ten algúns defectos de linguaxe que daquela non estaba tan cultivado coma nos tempos actuais, no tocante á forma está ben urdida e pode figurar no repertorio de calquera compañía” (PD 155).

25 Tamén citado en Tato Fontaña (2014a: 27).

26 Unha das manifestacións explícitas deste comportamento é a que manifesta o actor Roberto Vilar, protagonista de espazos televisivos na TVG como “Os Tonechos” ou “Land Rober”: “Me imaxino que todos os que estades aquí pois, ouh, estudiades filoloxía ou estudiástela xa ou tedes coñecemento da filoloxía i... [...]. Falo un galego horrible, con unha cantidade tremenda de castelanismos, con xiros que non son propios do idioma para nada [...]. Eu conste que tamén despois me acomodei a ese comentario xeral, ou dunha gran parte da xente, qui me dicía: ‘Joder, mola moito o voso porque falades como falan na miña casa, falades como fala meu avó’. Todo eso nos fixo pois acomodarnos máis a esa situación. I para pechar, en relación un pouco o humor co idioma, independentemente de todo esto que..., o que vos dicía antes, que me gustaría falalo ben, pero sinceramente tampouco é algo que me preocupe en demasiado, non me preocupa demasiado” (Vilar 2014: 67, 69).

3.2. A lírica tradicional e a lingua popular: a consciencia do que é galego e do que non é

Para alén do xénero dramático, outro tipo de textos en que a maridaxe entre ambos os tipos de variedades (contextuais e estráxicas) se produce con maior facilidade vai ser o pertencente ás compilacións de literatura tradicional, fundamentalmente polos seguintes motivos: en primeiro lugar, polo tipo de contexto en que tales manifestacións literarias se produciron, quere dicir, en ambientes desenfadados e espontáneos, á marxe de calquera canon de literatura culta. E en segundo lugar, polo tipo de estrato social que producía esas poesías, cantos e narracións orais, adoito a pertencer ás camadas socioeconómicas menos favorecidas durante o Rexurdimento e ao longo dunha boa parte do seguinte século.

Conforme xa sinalamos noutro lugar (Sánchez Rei 2006: 31-44), tamén o século XIX vai ser a época en que se comezou realmente a tomar consciencia da urxente e necesaria compilación deste tipo de textos, sobre todo pola publicación dos *Cantares Gallegos* de Rosalía de Castro e do primeiro volume da *Historia de Galicia* de Murguía. Algúns protagonistas do Rexurdimento foron conscientes de que se non se recollían todas esas manifestacións artísticas podían perderse ou vérense desprazadas por homólogas mostras literarias cantadas en español. Diante desta situación é como cobran sentido as seguintes impresións de Saco Arce (1987: 48), autor que dá conta da existencia de estrofas cantadas nesa lingua e que inclusive indica a procedencia de tal moda lingüística:

Aunque las coplas puramente gallegas son aún hoy en número incomparablemente mayor que las castellanas en este antiguo reino, no es posible desconocer una creciente propensión, desde hace años, a servirse preferentemente del idioma de Castilla, así para las coplas como para los romances. Sucede esto en las villas y en los alrededores de las poblaciones de cierta importancia. No para aquí la manía; las mismas composiciones que en su niñez aprendieron muchos en gallego, son verditas y cantadas más adelante por ellos en lengua que juzgan más a propósito para hacer ostentación de cultura.

A chegada de poesías vehiculizadas nesa lingua, pois, non podía pasar desapercibida aos eruditos oitocentistas preocupados por tales temas, entre os cales, xunto a outros, son de salientar as figuras de Juan Antonio Saco Arce (1835-1881) e José Pérez Ballesteros (1833-1918), responsábeis de importantes coleccións de cantares anónimos. Como é obvio, e a enlazarmos coas palabras iniciais desta sección, o tipo de galego que se documenta neses textos enmárcase dentro de variedades populares e coloquiais, en que

teñen cabida fenómenos lingüísticos propios delas. Resumindo o exposto en Sánchez Rei (2006: 140-142) para o cancionero colixido por Pérez Ballesteros, que será o que preferencialmente imos empregar nestas páxinas, algúns dos trazos que nos serven con clareza para identificarmos eses tipos de rexistros son os seguintes: (i) presenza de alteracións tímbricas no vocalismo átono (*beillar*, CPG I, 43; *quiridiña*, CPG II, 180; *bunita*, CPG III, 145; etc.); (ii) atestación de fenómenos de adición de elementos vocálicos, tanto en posición inicial de palabra (prótese), medial (anaptixe), final (parágoxe) ou entre dúas palabras (epéntese) (*adivirtir*, CPG I, 88; *adeministrar*, CPG III, 268; *tivere*, CPG I, 11; etc.); (iii) documentación da fenomenoloxía inversa, ou sexa, de supresións vocálica (aférese, síncope e apócope) e en xeral de elisións e crases da lingua falada (*inda*, CPG III, 110; *ch'bei*, CPG I, 41; *espranza*, CPG II, 181; etc.); (iv) crases propias da lingua oral (*donch'os ollos*, CPG I, 111; *tráno*, CPG III, 31; etc.); (v) metáteses, nomeadamente de <r> (*drento*, CPG I, 8; *probe*, CPG III, 86; *frábica*, CPG III, 215; etc.); (vi) documentación de grupos cultos formados por labiodental + l e oclusiva + l transformados, por rotacismo, en labiodental + r e oclusiva + r (*frorece*, CPG III, 237; *prantado*, CPG I, 21; *groria*, CPG II, 61; etc.); e (vii) presenza de sufixación apreciativa, nomeadamente do afixo -*ña*/*-iño* e utilización dun léxico acorde co tipo de expresión e rexistro popular, estreitamente vinculado ao mundo tradicional e á oralidade espontánea.

No entanto, e como ficou dito máis arriba, sendo os colectores destas compilacións conscientes da importancia delas, tamén algúns deses eruditos posuían certa consciencia lingüística a respecto da autoctonía do galego que estaban a compilar neses textos tradicionais. Esta circunstancia cobra especial relevancia no marco da calidade da lingua que se trata no presente monográfico, pois dá sentido ao feito de que até nos rexistros coloquiais é posíbel un modelo de lingua digno sen a interferencia directa ou indirecta do español.

Unha importante característica do cancionero de Pérez Ballesteros é a feliz circunstancia de os versos costumaren estar anotados, segundo xa se ten salientado noutros estudos (Freixeiro Mato *et al.* 2005: 106-110; Sánchez Rei 2006: 99 e ss.). A causa dos apuntamentos cómpre írmola procurar no público destinatario do cancionero, pois estaba pensado para persoas de orixe allea á Galiza que, en principio, non tivesen moitas dificultades na comprensión escrita dun idioma que non era o seu. As explicacións que se van achegando ao longo do texto enforman unha distinción entre os tipos de notas de rodapé, as cales son susceptíbeis de seren clasificadas de diverso modo. No entanto, concedendo atención particularmente a aquelas nótlulas de contido lingüístico, tales apuntamentos merecen ponderarse

neste traballo por: (i) identificaren elementos idiosincráticas do idioma e distinguiren con relativa claridade (aínda que non en todos os casos) o que é galego daquilo que o non é; e (ii) daren conta da situación de fluutuabilidade canto ao uso entre a forma autóctone e a foránea.

Hodiernamente pódese identificar con relativa facilidade todos os elementos alleos que se rexistran na oralidade. As tentativas de aproximación ou clasificación de toda esa fenomenoloxía son diversas e obedecen a análises igualmente diferentes, nin sempre coa mesma motivación²⁷. Así, do punto de vista estritamente lingüístico, vén sendo común a identificación de españolismos fonéticos, fonolóxicos, morfolóxicos, sintácticos, lexicais, semánticos, pragmáticos e até fraseolóxicos (véxase 2). Dunha perspectiva da faixa etaria, tamén se detectan relativas diferenciacións, pois en persoas galegofalantes espontáneas con certa idade abundan máis os elementos lexicais de orixe allea que os sintácticos ou os fonéticos, ao paso que entre a mocidade, moita dela españolfalante ou neofalante²⁸, predominan precisamente antes os fonéticos do que os lexicais ou os semánticos²⁹.

Mais en finais do século XIX a situación non era a mesma, pois a identificación de fenómenos alleos na lingua, tendo en conta o estado da arte relativamente aos estudos lexicográficos e gramaticais, viraba unha tarefa en ocasións complexa de se poder levar a cabo; a este respecto, son ben explícitas as palabras de W. A. Insua cando, a comentar a obra de Curros Aires *da miña terra*, facía fincapé en tales circunstancias no ano 1883:

27 Véxanse, por exemplo, os traballos de Dubert García (2005), Graña Núñez (1991, 1993), Kabatek (1991) etc.

28 Enténdese por neofalante aquela persoa cuxa infancia transcorreu nun idioma diferente do galego, de forma que non constituíu a lingua (ou unha das linguas) con que aprendeu a falar. A este respecto, Kabatek (2000: 103) expón que entre as persoas con que traballou como informantes se diferenciaba con clareza “os neofalantes e os falantes que sempre falaron galego”, aínda que algúns daqueles, após varios anos de uso da lingua, xa non se consideraban neofalantes. Paga a pena ponderarmos aquí, porén, que este concepto se presta á matización ou a unha certa gradación, pois desde logo non se acha no mesmo caso unha persoa educada en español que se cría ouvindo unicamente esta lingua, e que muda de idioma nalgún momento, que aqueloutra que, mesmo sendo igualmente educada en castelán, ouve o galego habitualmente nos ambientes máis próximos (amizades, casa, veciñas e veciños etc.) e que tamén se pasa ao galego nalgunha etapa da súa vida. A propósito das persoas neofalantes na Galiza, véxase Ramallo (2013).

29 Por iso é que se tornan rechamantes certas actitudes entre as persoas neofalantes, como sinala Kabatek (2000: 111), as cales, na procura da autentificación, acoden precisamente á barbarización lexical da lingua: “Hai unha tendencia que chama a atención entre os neofalantes que están en contacto con falantes nativos de galego. Valoran o galego lexicalmente castelanizado como máis auténtico, e co ánimo de imitar esta variedade, tenden a empregar conscientemente certos castelanismos para autentifica-la súa fala”.

Apenas si tenemos gramáticas en que estudiarlo verdaderamente y de diccionarios estamos tan escasos, que si nuestro buen amigo el distinguido poeta gallego D. Marcial Valladares no dá pronto la última mano al que hace algunos años está confeccionando quizás esta generación se encuentre sin una verdadera fuente del gallego puro y sin mezclas lugareñas (RLG 235).

Como quer que sexa, o feito de que os españolismos fosen máis dificilmente localizábeis non significa que as persoas con ouvido atento á lingua coloquial ou aos exaxeros e deformacións que sobre ela se proxectaban non emitisen algún tipo de xuízo valorativo. Tamén aquí, como xa se fixo máis arriba, interesa salientarmos o modelo lingüístico utilizado en obras teatrais de ambientación popular e as coleccións de literatura tradicional. A comezarmos por estas últimas, os seus colectores notaron con grande nitidez o que nesas variedades orais era de orixe allea. Así as cousas, Saco Arce matizou que nos cantares anónimos nin sempre se podía procurar a pureza gramatical ou lexical: “También en las coplas galicianas se encuentran muchas [palabras] salpicadas de voces de Castilla, por lo cual no siempre debemos buscar en los cantos populares modelos de lenguaje castizo” (LPG 49). E Pérez Ballesteros, por súa vez, decidiu manter máis ao mesmo tempo singularizar o que, a seu ver, procedía da interferencia do español nos cantares tradicionais:

El colector procuró presentar en letra bastardilla algunas frases y versos que en los cantares gallegos aparecen en castellano (CPG I, 81, n. 3).

A veces se intercala en el canto palabras castellanas que tienen equivalente en gallego, y aun versos enteros, como en el presente cantar. El colector ha respetado algunas incorrecciones (CPG II, 5, n. 1).

Nalgunha ocasión, a detección de fenómenos estraños nos rexistros coloquiais da lingua vehiculizada nas estrofas anónimas, sempre a termos en conta o estado da especulación científica sobre o idioma na altura, foi sentida como un recurso estilístico, equiparábel aos procesos de arrefriamento vocabular que se produciron nas linguas románicas durante o Renacemento, conforme transparece nas seguintes palabras: “A veces se intercala una voz castellana, á semejanza de lo que ocurrió á algunos poetas castellanos, en particular del siglo XV, con la lengua latina” (CPG III, 128, n. 2). Mais, en xeral, o ouvido fino de Pérez Ballesteros e tamén o de Saco Arce foron capaces de recoñecer esas fenomenoloxías e de as marcaren nos comentarios de rodapé, de forma que o público lector non confundise o xenuíno e tradicional con aquilo que proviña doutras linguas; eis algúns exemplos ao respecto:

[*boena moza*] A veces aparece en los cantares alguna palabra castellana, alterada ó sin alteración (CPG II, 124, n. 2)

[*Dios delante*] Palabras tomadas del castellano (CPG II, 279, n. 2)

[*Jesús, María y José*] Pronúnciase como en castellano (CPG III, 173, n. 1)

[*me parece un coronel*] Intercalación castellana (CPG II, 59, n. 1)

A la luna no es frase gallega (CPG III, 67, n. 1)

Ahora, se dice en gallego *agora* (CPG II, 19, n. 2)

Carnavaliño rara vez se dice en gallego, pues la palabra *antroido* equivale siempre á *carnaval* (CPG II, 24, n. 2)

Cielo es palabra castellana (CPG II, 10, n. 4)

En gallego se dice con más propiedad *amarelo* que *amarillo* (CPG III, 55, n. 1)

En lugar de *frutas* se acostumbra decir *froitais* (CPG III, 249, n. 1)

Pereira, en gallego (CPG I, 21, n. 21)

Tenja usté es una imitación del castellano para burlarse (CPG II, 108, n. 4)

Tratándose de la Virgen, se dice muchas veces *nostra* y aún *nuestra*, en vez de *nosa*, que es la forma genuinamente gallega (LPG 59, n. 29)

Nalgunha ocasión, os nomes propios rexistrados no cancionero de Pérez Ballesteros proporcionan interesantes datos sociolingüísticos, como é o caso do antropónimo español *José* (CPG II, 123): deixando constancia das súas impresións sobre o problema ortográfico entre as persoas partidarias dunha opción máis etimoloxicista ou doutra máis foneticista, dásenos información sociolingüística no referente ao progresivo avance durante o século XIX da consoante velar xorda [x] española nalgún nome, que, de acordo coa historia da lingua, presentan a fricativa prepalatal xorda [j]:

El uso va convirtiendo la X en J, en algunas palabras como *Jesús, José*, etc., en las cuales la J suena como en castellano. Preferimos esto á que tenga dos modos de pronunciarse. En cambio, como queda dicho, todos los sonidos *ge, gi* franceses los expresamos con la x, aun en palabras que en su origen tengan j: la importancia de las etimologías es menor que la de la sencillez y facilidad de la lectura. El Gallego no es lengua muerta, y tiene que obedecer á la ley del progreso: el Sr. Saco y Arce, conecedor de las lenguas clásicas y de la Filosofía del lenguaje, adoptó en su notable *Gramática* igual sistema que el que aquí adoptamos. También le vemos aceptado por distinguidos literatos gallegos (CPG II, 123, n. 1).

Finalmente, canto ao outro tipo de manifestación artístico-literaria a que antes fixemos referencia, a da arte dramática, convén notarmos aquí que de novo as persoas comprometidas coa recuperación e dignificación do galego deixaron constancia de rexitaren con firmeza o emprego dun

idioma barbarizado e españolizado. Nestes medios, Uxío Carré Aldao manifestou máis unha vez a súa animadversión cara á entrada desmesurada de españolismos na lingua e ás consecuencias que disto se derivan. Así, na glosa dedicada ao texto *El hijo del general* (1910) de Luciano Cañó, mesmo acudindo á benvolencia con que a seu ver había que tratar o protagonista, escribe as seguintes palabras: “el ser su autor un pobre ciego, disculpa que el personaje gallego (un asistente) que en ella figura hable del modo y forma que tanto censuramos, o sea, en una mezcla malhecha de castellano y gallego que ni se estila, ni es corriente en nuestros paisanos” (TRG 83). Do mesmo modo, o espírito do comentario inspirado pola obra de Heliodoro Fernández Gastañaduy *Pote gallego* (1913) está esteado na mesma reprobación: “Deploramos esté escrita en ese gallego bárbaro y castellanizado, lleno de ghlleadas de que tanto se abusa” (TRG 91).

Porén, noutras ocasións, esas persoas con vontade de restauraren a lingua só puideron limitarse a dar conta de como a interferencia non conseguira, cando menos na altura, eliminar completamente as solucións autóctonas. O léxico é o que protagoniza a maior parte destes comentarios, nos cales, embora sen indicación ningunha a respecto do predominio ou a frecuencia de unha hipótese sobre a outra, se reflicte ese singular e forzado convivio, como o demostran as seguinte nótulas de Perez Ballesteros:

[aas] Se dice *aas* y *alas* (CPG II, 40, n. 2)

[Enseñar:] También se dice: *insinñar*, y en otras comarcas *insinar* (CPG I, 112, n. 1)

[igresia] En algunas comarcas de Galicia dicen *igrexia* ó *ilesia* (CPG I, 162, n. 1). También se dice *ilesia*, *eirexa*, *eilesia* (CPG II, 117, n. 2)

Areas se pronuncia *aréas* y significa *arenas* (CPG II, 10, n. 5)

Generalmente se dice *caravel* y *cravel*; pero no es raro ver usada la forma castellana en algunos cantares gallegos (CPG II, 43, n. 1)

Se dice *ahora* y *agora* (CPG I, 205, n. 1)

Se dice *lua* y *luna* (CPG I, 181, n. 3). Se dice *luna* y *lua* (CPG I, 8, n. 1)

Se dice *vergonza* y con más propiedad *vergoña* (CPG I, 207, n. 1). Se dice *vergonza* y *vergoña* (CPG II, 74, n. 2)

Voltaremos sobre o léxico máis adiante (véxase 5). Mais á marxe do vocabulario, as características morfolóxicas de certos verbos irregulares e outra casta de palabras non estritamente lexicais protagonizaron algunhas de tales anotacións, como se pode ver nos exemplos a seguir, nos cales se constata a dupla hipótese de documentación:

[nadie] Se dice *nadie*, *nadia* y *naidea* (CPG II, 262, n. 1)

[vusté] Generalmente se dice *vusté* ó *vustede*; el *usté* es debido á la influencia del castellano (CPG II, 1142, n. 3)

Se dice *sen* y *sin* (CPG III, 210, n. 2)

Se dice *serve* y también *sirve* (CPG II, 174, n. 3)

Se dice *soubera* y *soupera* (CPG II, 72, n. 2). Se dice también *soupera* (CPG III, 294, n. 1)

Unos dicen *tuveche*; otros *tiveche* (CPG I, 102, n. 2). Se dice *tuven* y *tiven* (CPG II, 259, n. 4). *Tuveras* se dice también *tiveras* (CPG II, 10, n. 1).

Virtú: también se dice *virtude*, pues la voces que en castellano acaban en *d*, ó la pierden en gallego ó le añaden una *e* final (CPG I, 22, n. 1)

En síntese, nin nos textos tradicionais de lírica anónima nin nalgunhas manifestacións dramáticas foron contempladas con normalidade as interferencias neses rexistros populares, polo menos até onde chegaban os coñecementos lingüísticos das persoas responsábeis das edicións ou das glosas. Nin todo valía na época en tales variedades sociais da lingua, como tamén nin todo ten de servir na actualidade no galego coloquial.

4. A sintaxe, a estrutura da lingua

En harmonía co que xa salientamos en Sánchez Rei (2009), o proceso de estandarización do galego, que principiou de modo institucional por volta de 1970, áchase na actualidade nun relativo estado de definición, ao menos por parte da filosofía lingüística acorde coas normas presentemente en vigor. A normativización centrouse na ortografía, na morfoloxía e algo menos na fonética, de forma que determinados aspectos doutras disciplinas gramaticais se encontran, a día de hoxe, sen propostas equivalentes de referencia, como é o caso da sintaxe. Neste ámbito, aínda que as persoas galegofalantes dispoñen xeralmente dunha serie de coñecementos que lles permite distinguir o que é válido do que o non é ou do que é admisíbel ou tolerábel do que non se pode aceptar, a polivalencia de posibilidades é notábel. Do punto de vista de docentes e especialistas, costuma dicirse que son correctas todas as variantes que fiquen “dentro dos límites da gramática do galego”, segundo afirma Álvarez (1994: 19).

A propia sintaxe favorece a existencia de diversas hipóteses de selección por parte do conxunto de utentes dunha lingua. Pensando en termos fonolóxicos, non se pode acrecentar nin diminuír o número de fonemas do idioma, nin, acudindo aos dominios da morfoloxía, tampouco seremos capaces de mudarmos a cifra das unidades morfemáticas flexionais do verbo. Mais

na sintaxe, como sinala Martins (2000: 129), “quem fala ou escribe escolhe entre os tipos de frase, obedecendo a um número mais ou menos restrito de regras rígidas”, de modo que á “dupla escolha do padrão sintático e do léxico corresponde a criatividade da frase, tendo o falante a possibilidade de producir, en número infinito, frases novas e comprensíveis”.

Por outra parte, relativamente a outras áreas da gramática, vira común a afirmación de que os trazos sintáticos dunha lingua se caracterizan ben antes por as modificacións seren menos perceptíbeis que polas mudanzas facilmente detectábeis. Hagège (2000: 104), a desenvolver o fenómeno da interferencia lingüística, remarca que a gramática, en que se integra a sintaxe dunha lingua, vira unha das partes máis resistentes á influencia estranxeira. Así pois, a respecto da fonética ou do léxico, a sintaxe caracterízase polo seu alto grao de estabilidade e constitúe, por isto mesmo, case a columna vertebral do idioma: non hai repercusións importantes canto á estruturación lingüística na preferencia vocabular por *xanela* ou *fiestra*, poñamos por caso, nin entre *cóxegas* ou *deligras*, nin entre unha pronuncia máis tendente ou menos proclive á bemolización da vogal pretónica en *levar*, *remedio* ou *semana*, mais si que se producen ao termos como hipóteses de escolla construcións como as seguintes, en que (d) é marcadamente rexional ao se atestar especialmente na Terra de Burón:

- (a) O libro? Hai que llo dar
- (b) O libro? Haillo que dar
- (c) O libro? Hai que darllo
- (d) O libro? Haille que dalo

Até no ámbito da variación dialectal as diferenzas sintáticas parecen evidenciarse con maior dificultade do que as existentes para as restantes esferas da descrición lingüística e, de cara á planificación da variedade estándar, non é o ámbito que máis problemas levanta. Nestes medios, e de acordo con Hudson (1981: 58), a sintaxe sería o elemento que marca a cohesión social, o léxico percibiríase como un indicio de divisións estratuais na sociedade e a pronuncia reflectiría o grupo social permanente con que os membros da comunidade se identificarían consciente ou inconscientemente.

Con todo, sendo certa a maior estabilidade da sintaxe se comparada con outras disciplinas gramaticais, o contacto con diferentes linguas ou variedades costuma ser un factor que pode explicar certos pormenores da falta de coincidencia sintáctica entre varias modalidades do mesmo idioma. Como se leva visto ao longo deste traballo, a situación que se produce na Galiza entre o galego e o español leva orixinado a influencia deste idioma naquel,

tamén no dominio da sintaxe, o que converte a tal casta de erosión nunha das máis daniñas ao repararmos na relevancia que ten a sintaxe para unha lingua. Cidrás Escáneo (1994: 105-106) fala de dous tipos de variábeis extralingüísticas que determinan a existencia de posibilidades de escolla: (i) as *variábeis inherentes ao emisor*, isto é, factores “como a educación, o nivel social, a idade ou a orixe xeográfica do individuo xogan un papel fundamental na variación lingüística e tamén na sintáctica³⁰; (ii) e as *variábeis inherentes a outros elementos do proceso comunicativo*, tales como o interlocutor, o tema do discurso ou “do propio medio para a transmisión dese discurso”. E nótese que, en condicións normais, máis un dos factores que selecciona ou determina a variabilidade lingüística no galego é extrínseca ao emisor, ao interlocutor, ao tema ou ao medio de transmisión, pois trátase dun factor alleo a estas circunstancias, cal é o español.

Partimos da base de que unha lingua como a galega partilla trazos sintáticos con outros idiomas no dominio da Romanía por causas xenético-estruturais: a construción da frase nominal, a tendencia na orde de elementos clausais, as características xerais da transitividade, o proceso de transformación diatética, as regras de concordancia, o número máximo de elementos actanciais do verbo etc. Mais tamén é certo que existen características que a identifican hoxe en día inclusive a respecto doutras xeneticamente próximas: a colocación do clítico na secuencia clausal, a existencia do infinitivo flexionado (IF) ou a ausencia xeral da marca preposicional co CD, entre outros. Tendo en conta tales elementos idiosincráticos, xorde a pregunta de se se poden, en certa medida, medir as tendencias que están a vigorar nunha lingua ou que están a marcar as súas mudanzas na praxe diaria. Tusón (1985: 15-24) fala da existencia, nomeadamente no marco teórico xenerativista, da vontade de traballar nunha gramática “preditiva” no sentido de establecer unha serie de regras que diga respecto ao funcionamento da lingua e, igualmente, ao que é posíbel agardarmos nel. Do noso punto de vista, a concedermos ao termo “gramática predictiva” un relativo alargamento semántico, podemos tamén entender este concepto como o estudo daquilo que presumibelmente vai desenvolverse no seo do idioma, daquilo que, estando aflorado no mínimo, pode coñecer un uso maior, do que, en

30 No entanto, talvez sexa necesario matizarmos que, no ámbito da sintaxe, a variación de tipo xeográfico costuma ser pouco representativa, cando menos no galego, lingua en que a diferenciación sintáctica dialectal non resulta tan evidente como a morfolóxica, a fonética ou a lexical. A este respecto, no clásico traballo de Hudson (1981: 56-58) xa se deixa notar a pouca dedicación que leva inspirado na literatura lingüística, inclusive para o caso do inglés, onde se preferiu estudar o vocabulario ou a pronuncia: “La difusión territorial de rasgos sintáticos es, por otra parte, difícil de comprender, ya que parece que por lo general la sintaxis es relativamente impenetrable a los cambios históricos”.

definitivo, protagoniza unha modificación lingüística de carácter diacrónico na gramática.

Os trazos sintácticos que acabamos de sinalar (disposición dos clínicos, documentación do IF ou a común ausencia da preposición co CD) están hoxe en certa crise canto á súa sistematicidade e mesmo no tocante ao seu uso porque no seu lugar son moito máis recorrentes outras hipóteses de construción gramatical que coinciden co español e son por iso máis frecuentemente empregadas, como nos seguintes exemplos de (a') e (b''):

- (a) É preciso vires
- (a') É preciso que veñas
- (b) Hai que lle dicir que veña
- (b') Haille que dicir que veña
- (b'') Hai que dicirlle que veña

Mais tamén pode darse a circunstancia de que procedan directamente dese idioma e de que desen suplantado as estruturas autóctones, segundo se atesta nos casos de (a') e (b''):

- (a) Vin onte a túa mestra de música na froitaría
- (a') *Vin onte á túa mestra de música na froitaría
- (b) Comenteille que non ía ao concerto tan tarde
- (b') *Lle comentei que non ía ao concerto tan tarde

Así, a propósito do IF, Freixeiro Mato (2009: 87) pondera que a súa utilización no galego actual sufriu “restricións na lingua actual por non existir no castelán”, ao paso que a presenza desnecesaria da partícula relacional *a* co CD é entendida polo mesmo investigador como produto da “deriva cara á coincidencia coa solución adoptada na lingua dominante” (2009: 105). Se a sintaxe constitúe unha das partes centrais da gramática dunha lingua, tamén servirá, en harmonía con Moure (2011: 109), para ordenarmos o mundo, xa que a “gramática é a compoñente fundamental da lingua” [...] e “esixe dunha localización cerebral específica, que non está nos parentes simios nin nos seres humanos privados da función lingüística”; de aí a transcendencia dos elementos que a singularizan face a outros idiomas e que, por extensión, tamén particularizan unha comunidade lingüística.

Xunto co léxico, a sintaxe tamén orientou diversos debates desde finais do século XIX en adiante, focados xustamente na procura dos elementos identitarios do idioma. Tal como hoxe, pensábase que a calidade lingüística

tiña (e ten) necesariamente de pasar por un coidado exemplar da súa compoñente sintáctica e así é como foi demandado en varios traballos. Deste modo, xa en 1887 Aureliano J. Pereira, nun artigo intitulado “Academia gallega”, afirmaba nas páxinas da cabeceira *Galicia. Revista Regional* que a escrita en galego non respondía só á utilización de vocabulario galaico, mais que debía caracterizarse tamén pola estrutura, isto é, pola sintaxe: “séanos permitido consignar que para escribir en gallego, no basta emplear palabras gallegas; es preciso conservar la esencia, lo que es verdaderamente gallego; la estructura, la sintaxis, el giro, la propia forma literaria de nuestro idioma” (RLG 277). Máis un exemplo da preocupación polo emprego dos trazos sintácticos tradicionais do idioma é o que temos nesta mostra de Johan Vicente Viqueira, que, nunha conferencia proferida na Irmandade da Fala da Coruña que máis tarde sería publicada en 1918 n’*A Nosa Terra*, ponderaba a relevancia de esta compoñente gramatical ser debidamente observada: “Precisamos do mesmo xeito estudos de sintaxis, sobre a maneira peculiar de formarmos as frases, que vai tan perdida” (EP 168). Por último, citamos unha outra mostra da importancia depositada na procura da autenticidade lingüística coa morfosintaxe como protagonista segundo Couceiro Freijomil (1935: 20), que se manifestaba nos seguintes termos:

A lo dicho aun debe agregarse la investigación de nuestra sintaxis, invadida, como el léxico y como el fonetismo, por el castellano. La sintaxis genuinamente gallega está desapareciendo. Nuestros giros especiales, nuestros modismos, apenas si aparecen por ahí... Aún quedan otras cosas, por ejemplo: la formación de nuestros plurales y la determinación de aquellos substantivos que tienen género opuesto al de los respectivos castellanos.

Algúns exemplos que se poderían extraer do léxico e tamén as mostras de sintaxe apuntadas máis arriba, sobre todo aquelas válidas na gramática galega mais confluentes co español, serven ilustrativamente como casos do que recibiría facilmente a denominación de “galego neutro”. Falamos dun outro tipo de españolismos, se callar menos evidente mais tamén operante, que consiste na utilización case exclusiva de estruturas gramaticais e vocabulario autóctones embora comúns co castelán, práctica que escurece solucións galegas e distintas ás desa lingua. Viran representativas as seguintes palabras de García Blanco, pois poñen de relevo a perda de enxebreza idiomática por esoutro tipo de influencia, moito na liña da procura dunha praxe lingüística de calidade; ao paso que apunta unha nota de carácter sociolingüístico referida á permisividade no uso do idioma, pondera como esa “licenza social” obriga a deixar na gaveta precisamente unha parte do que o identifica: “Hay quien tolera que se hable el gallego en determinadas

circunstancias, mas sólo a condición de que sea un gallego modernista, sui géneris, limpo de sus voces más enxebres y características, de sus giros y modismos más peculiares, más típicos” (CDR 10).

Nestes medios, podemos facer a pregunta a respecto de que elementos foron considerados claramente idiosincráticos do galego na esfera da sintaxe se comparado con outras linguas ou, como dicía Manuel García Blanco, podemos reparar en que “giros y modismos” foron tidos como bandeiras singulares da enxebreza. Aínda que se podería responder a esta cuestión cun número certamente variábel de elementos, coidamos que os tres casos citados máis arriba (isto é, disposición dos pronomes átonos, a existencia do IF e a ausencia xeral da preposición *a* co CD) poden servir para ilustraren esa autoctonía gramatical. Xunto a outros, todos tres, conforme expón Freixeiro Mato (2013: 351), constitúen exemplos de importantes fenómenos gramaticais que levan sendo subliñados en diferentes obras especializadas como xenuíños e poderosos elementos de estilo³¹, e é por isto que imos focar a nosa atención neles.

4.1. A (des)colocación do pronome

Un dos temas que máis estudos ten xerado na lingüística galego-portuguesa é o referente á disposición dos pronomes átonos no interior da cláusula, pois vén determinada tanto por causas morfosintácticas como por procesos de topicalización ou focalización dos constituíntes clausais³². Ao mesmo tempo, a interiorización de como se coloca relativamente ao verbo constitúe unha das dificultades máis serias para as persoas neofalantes e máis conflituosas de seren correctamente apresas, en que teñen de intervir, primeiro, a vontade de asimilación das regras e tendencias a través dos traballos especializados, segundo, unha praxe lingüística que conscientemente

31 Véxase tamén Moure (2011: 108) cando sinala que se “aínda posuímos unha lingua diferente doutras non é por termos nomes para as partes do carro que xa non usamos, senón por termos estruturas” gramaticais particulares. E salienta tamén esta autora que a “calidade do galego reconécese en trazos concretos: o uso do futuro de subxuntivo, do infinitivo flexionado, das interpolacións pronominais [...] serven para recuperarmos un potencial idiosincrático do idioma hoxe esmorecente”.

32 Para unha descrición das posibilidades de colocación no galego moderno, véxase Prieto Alonso (1986), Álvarez & Xove (2002: 558-571) ou Freixeiro Mato (2006: 165-185), traballo este en que se pode ler unha afirmación como a seguinte: “A colocación das formas átonas do pronome persoal constitúe unha das particularidades máis relevantes, e ao mesmo tempo complexas, do sistema lingüístico galego-portugués, que se mantivo sen cambios significativos desde a época medieval até a actualidade e que no substancial conserva un comportamento a este respecto unitario e singularizador fronte ás demais linguas romances”.

vaia mellorando o seu uso e, terceiro, un ouvido atento a galegofalantes que neste asunto se poderían considerar modelares.

Non é a nosa intención abordarmos aquí tan complexos temas, mais si, de acordo coa filosofía deste traballo, facermos unha chamada de atención sobre a importancia que se concedeu en particular á correcta disposición dos pronomes átonos na vontade de conseguiren unha praxe lingüística autóctone; repárese, a este respecto, nas palabras de Lugrís Freire (1931: 87), cando xa sinalaba que “bon uso e colocación dos pronomes na conversa é o que dá mais enxebreza ao galego”. No entanto, Manuel Lugrís Freire non foi o primeiro en percibir a transcendencia que posúen as características sintácticas dos clíticos na construción clausal. Neste sentido, convén lembrarmos as preclaras palabras de Saco Arce (1868) cando, a tratar das condicións de énclice e próclise do pronome en relación co verbo, xa sinalaba a relevancia dunha colocación xenuína, nomeadamente no comezo do período sintáctico:

Estas delicadezas [as disposicións do clítico na cláusula], en aparencia insignificantes, son las más duraderas en los idiomas. Un gallego fácilmente admitirá y mezclará con su lenguaje, como lo vemos todos los días, una porción de palabras castellanas, dándoles la inflexión del dialecto propio; mas no se doblegará nunca á empezar la frase, diciendo: *Me colleron, Se chegou a min*, en vez de *colléronme, chegouse a min*. (Saco Arce 1868: 161, n. a)

Las formas pronominales *me, te, che, lle, se, o, a, os, as, nos, vos, lles*, no ocupan nunca el primer lugar de la frase (Saco Arce 1868: 161).

En poesía podrá dispensarse la infracción de estas reglas [...]. No convendrá sin embargo prodigar semejante licencia, poco conforme al genio de la lengua gallega (Saco Arce 1868: 161, n. c).

Outra das cuestións relativamente á colocación dos clíticos que salienta o clérigo de Toén é a posibilidade da disposición a respecto das formas verbais amodotemporais ou infinitas, nomeadamente nas estruturas en que aparecen rexidas por preposición. Repárese por un momento nas seguintes cláusulas:

- (a) Para me falar, achegouse a min
- (a') Para falarme, achegouse a min
- (b) De o faceres, faino agora
- (b') De facelo, faino agora

Entre as dúas posibilidades de construción, a linearidade que se vai facendo máis habitual corresponde aos segundos exemplos de (a') e (b'),

que coincide coa hipótese de clitización da forma do pronome no español moderno. Tornándonos ao maxisterio de Saco Arce, cómpre pormos en relevo que precisamente o que el percibía como máis xenuíno se identifica na realidade coa colocación tradicional, a mesma que, a noso ver, debería ser priorizada nunha praxe lingüística de calidade até para que o seu uso non desapareza definitivamente da praxe oral en favor doutras posibilidades sintácticas totalmente válidas mais coincidentes co español³³. Así se exprimía o presbítero:

Cuando dichos pronombres van regidos por un infinitivo ó por un gerundio precedido de otro verbo, pueden colocarse ántes ó después de estos modos verbales, v. g.; *Queren-os compor*, ó *queren compol-os*, quieren componerlos; *Andivo pra me roubar*, ó *pra roubarme*, trabajó para robarme; *Veño de ll'ó dicir*, vengo de decírselo [...]. La primera construcción, sin embargo, es quizá mas castiza (Saco Arce 1868: 163-164).

Relacionada intrinsecamente coa disposición do pronome átono na cláusula está o fenómeno coñecido como interpolación pronominal, que se define como a intercalación de un ou máis elementos tónicos entre o pronome proclítico e o seu núcleo verbal, conforme ilustran as mostras a seguir:

- (a) Para o así non facer, optou por chegar tarde ao exame
- (b) Nunca lle a el comentaron o que acontecera naquel congreso
- (c) Da terra en que me eu criei pouco fica xa

Corresponde actualmente a unha característica do sistema lingüístico galego-portugués, tratada na maior parte das gramáticas modernas³⁴ como un recurso morfosintáctico opcional de grande eficacia expresiva e estilística. Documentado amplamente na lingua medieval en calquera tipoloxía de texto, o seu uso foi esmorecendo devagariño até chegarmos á época actual, en que, aínda se mantendo sobre todo na fala de persoas idosas, coñece

unha atestación cada vez máis esporádica. Unha das causas da mingua na utilización actual parece apuntar cara ao español, lingua que na súa sincronía actual non tolera tales disposicións do pronome átono.

Hoxe en día, a interpolación é percibida como unha das marcas da lingua de calidade en tanto que fenómeno característico que afianza unha praxe sintáctica máis auténtica, segundo se deduce do exposto en Sanmartín Rei (2009: 153-154). Mais tamén nas obras precursoras da nosa tradición gramatical contou cunha identificación positiva, como o demostran as palabras que lle dedicou Saco Arce (1868: 162) ao subliñar que cando “se anteponen estas formas pronominales [os clíticos] al verbo, es muy elegante colocar entre aquellas y éste alguna que otra palabra, cosa que en castellano actual disonaría altamente”. No traballo de Santiago Gómez (1918: 255-256) fican cualificadas estas ordes como “trasposiciones muy frecuentes” e Carré Alvarellos, a través das siglas R. A. (1919: 31), identificounas cun “certo xeito” da lingua. Por súa vez, o folclorista Pérez Ballesteros referiuse a elas na súa colección de cantares por seren linearidades especiais, frecuentes, notábeis e aínda características (Freixeiro Mato *et al.* 2005: 344-345), o que parece dar proba tanto da súa vixencia na lingua oral oitocentista, cando menos nese tipo de manifestación literaria, canto da singularidade con que foron contempladas.

No entanto, a súa identificación cunha maior dose de autoctonía lingüística foi o que provocou que se empregase ás veces, sobre todo na literatura do primeiro cuartel do século XX, non con toda a corrección precisa. E moito posibelmente esa utilización literaria na altura puido provocar que Luguís Freire (1931: 87-88) se referise á dita construción coas seguintes palabras, ponderando, xunto a estruturas lexítimas, outras agramaticais: “Que *me* non queira; *o* non vin; non se foi nin pensa en *se* marchar”. Isto resulta mais conforme cō verdadeiro xeito galego que as formas que adoita[n] empregar as xentes das vilas e moitos escritores dicindo: ‘Que non *me* queira; non-*o* vin; pensa en non marcharse”.

Noutra ocasión, achámonos cun trazo morfosintáctico do galego que, se empregado dentro dos límites que sinala a gramática, pode ser eficaz non só como elemento diferenciador dunha praxe lingüística de calidade, mais tamén como unha rendíbel marca de estilo, tirándolle esa adscripción ás falas de xente idosa e a idiolectos arcaizantes. Pensemos, ao mesmo tempo, que a interpolación pronominal tamén se acha nas variedades orais de galego chamadas populares ou rurais, co cal os beneficios resultantes da súa práctica consciente tamén terían como consecuencia a dignificación e o aproveitamento dese tipo de rexistros.

33 Hai mesmo manuais en que se recomenda esta orde: “é un trazo de estilo positivo a introdución do pronome entre un nexo (unha preposición ou unha conxunción) en perífrases verbais compostas por infinitivo introducido por un verbo en forma conxugada seguido de preposición ou conxunción e en contextos preposicionais con infinitivo” (Sanmartín Rei 2007: 31); “A meu ver, o modelo de lingua culta que se está a conformar debe [...] privilexiar a posición do clítico entre o nexo e a forma infinitiva do verbo [...], tanto pola súa autoctonía e valor tradicional prestixiado por vía literaria, como por nos manter máis próximos do portugués e por supor máis unha pequena barreira face á perigosa deriva cara á confluencia tamén sintáctica co castelán” (Freixeiro Mato 2009: 114).

34 Sobre a interpolación no galego, véxase Sánchez Rei (1999). Relativamente a como foi entendida nas obras gramaticais modernas, remitímos ao sinalado en Carballo Calero (1979: 297-298), Álvarez & Xove (2002: 569-570) e Freixeiro Mato (2006: 180-185).

4.2. Un infinitivo que se flexiona

Como é sabido, o IF é unha forma verbal característica do espazo lingüístico galego-portugués, documentado xa desde os primeiros textos medievais e que se mantivo sen mudanzas substanciais até á actualidade³⁵. Aínda que na actualidade se detecta preferencialmente na lingua escrita, cando rexido por unha partícula prepositiva, o certo é que nos rexistros orais se acusa un notábel descenso por causa do español. De novo, urxe a súa promoción para un modelo de lingua culto, pois, ao paso que nos fai converxer coa propia tradición lingüística e co portugués, o carácter simbólico desta forma verbal eríxese en máis unha fronteira para a erosión do español. A este respecto, facemos nosas as palabras de Sanmartín Rei (2009: 42) cando denuncia a estigmatización a que está sometida esta forma verbal por ser identificada cunha praxe lingüística de calidade: “o infinitivo flexionado é xa unha excentricidade, unha marca, un elemento que nos indica un tipo de galego, un modelo de lingua coidado, pulcro, afatastado do español, estigmatizado”; tamén concordarmos no elemental coa opinión de Kabatek (2000: 178) cando di que o IF “obtéñ no galego culto cada vez máis unha connotación de *elemento da escrita* ou cando menos de *elemento da linguaxe elaborada*”.

Máis unha vez, os eruditos doutras épocas preocupados polo futuro do idioma repararon nesta singularidade morfosintáctica, sempre a identificárena como algo propio do galego. Así, Saco Arce non hesitou en se referir ao IF en varias ocasións ao longo da súa gramática, e facíao nos seguintes termos:

Una particularidad notabilísima del verbo gallego, es que el infinitivo que en las demás lenguas es modo impersonal, puede aquí conjugarse, como los otros modos, por personas y números (Saco Arce 1868: 67).

Sin duda parecerá extraña esta doctrina aun á los mismos gallegos, si no han bajado la atención al análisis de su propia lengua; pero nada más verdadero. Los ejemplos que se aducen en la sintaxis, lo comprobarán suficientemente (Saco Arce 1868: 67, n. b).

35 Vira doado atestarmos mostras do IF na lingua antiga e as recollidas en Gondar (1978: 15) dan bo exemplo diso. Para casos provenientes de documentos notariais, pode verse a edición de Souto Cabo (2008), en que figuran exemplificacións como estas: *Se a lexaren intgregaren ille de ootra qui li plaza*, no texto da *Noticia de Torto* de 1214 (Souto Cabo 2008: 264); *pra teeren iusticia na uílla. & pra daren a mín este meu dereyto*, nun documento de 1232 (Souto Cabo 2008: 53); *se quiserdes chantar arbores clb)antares en tal logar*, nun texto de 1233 (Souto Cabo 2008: 53); etc.

Queda dicho que el infinitivo de los verbos gallegos puede conjugarse como cualquier otro modo, teniendo por consiguiente dos formas, una variable y otra invariable [...]. Esta variedad de terminaciones del infinitivo que es una prueba más de la docilidad de nuestro dialecto, favorece mucho á la claridad y concisión de la cláusula, como se evidencia comparando los ejemplos gallegos con su traducción castellana: la frase resulta al tiempo más expresiva (Saco Arce 1868: 181, 184).

E Luguís Freire (1931: 96), por súa vez, subliñou tamén esta forma verbal considerándoa unha característica totalmente necesaria:

O mesmo no galego que no portugués, o uso do infinito conxugabre préstase á dúbidas. Cando non se vexa preciso e craro, será preferible poñer o verbo en impersonal na compañía do pronome. Estudando de vagar o que deixamos dito sobre do seu emprego, axiña se decatara o escritor de que non é difícil a súa aplicación e deste xeito non privará ao noso idioma d'unha particularidade verdadeiramente comenente.

Polo contrario, aqueles autores que tiñan o español como referencia modelar para o galego non dubidaron en proscribir o IF, xa que a tal singularidade non se axustaba ao seu ideal de lingua por este depender en grande medida do castelán. Por iso Valladares (1970: 53) advoga até por unha eliminación dos paradigmas verbais do galego do IF: “Esta conjugación, especie de futuro imperfecto de subjuntivo, creémos que ni es precisa, ni debe aconsejarse [...]. Quitemos á los infinitivos de estos verbos su terminación *en* y los ejemplos aducidos dirán, significarán lo mismo, pero de una manera más pura, más correcta”. E, a se referir á forma *tèren*, que aparece nun cantar tradicional publicado nun xornal, conclúe: “Aquí la persona agente es el pronombre *eles* que se supone en lugar de donos, ejerciendo su acción sobre el infinitivo *ter*, que maldita necesidad tiene de la adición *en*, para significar lo mismo; solo, si, para llenar el verso”.

En síntese, un modelo de lingua en que a presenza do IF se erixa nun dos seus trazos de estilo contribuirá, en primeiro lugar, para potenciar unha das características máis xenuínas do sistema galego-portugués. En segundo lugar, conectaranos á nosa tradición medieval, en cuxos textos xa se atesta a súa documentación. En terceiro lugar, tamén nos vincunlará ás variedades máis internacionais da nosa lingua, nas cales a vixencia deste fenómeno se mantén igualmente como un dos seus elementos máis idiosincráticos. E en cuarto lugar, tamén nos abre á porta para interaxirmos coas variedades tanto populares como literarias da lingua, pois o IF continúa presente nelas embora non coas mesmas equivalencias canto ao uso.

4.2. As amizades perigosas do CD coa preposición *a*

Un outro aspecto que debe ser comentado aquí obedece a aquelas estruturas en que se observa a partícula preposicional *a* para introducir o CD na cláusula, sobre todo con complementos de persoa. Na realidade, trátase dun asunto que leva inspirado, no galego e no conxunto en xeral das linguas románicas, unha literatura lingüística relativamente ampla. Como parece lóxico presu-pomos, as orixes que se barallan para eses usos preposicionais nos diferen-tes idiomas e variedades romances son diversas: en canto nalgúns traballos se prefire ver nestas construcións extensións analóxicas desde o CI, que no sistema lingüístico galego-portugués ou no español sempre vai acompañado da partícula relacional *a*, noutros argúese, do punto de vista histórico, que responde a un fenómeno que remonta ao latín vulgar; e, ao paso que hai voces que até localizan a súa orixe no español, non faltan opinións que o fan retrotraerse xeograficamente á península itálica; etc.

Aínda que se ten perfecta constancia de que, por norma, o CD non leva a preposición *a* e de que só nuns casos moito concretos a admite ou a exige, o certo que o avance dese elemento preposicional como marca de CD é notábel na situación actual da lingua. A isto debeu de contribuír a presión do español, lin-gua que, á diferenza do sistema lingüístico galego-portugués, coñece un rendíbel uso dese nexo para preludivar o obxecto³⁶. Non foi o galego a única lingua en notar esta influencia española: Posner (1998: 163-164), após apuntar que o galego, como o castelán e contrariamente ao portugués, fai na actualidade un “uso pleno” do CD con preposición, expón o caso dalgunhas variedades de catalán, idioma en que “se sospecha del uso del AP [= acusativo preposicional] por castellanismo, es muy frecuente, no solo en la ‘lengua de la calle’, sino también, por ejemplo, en el habla más tradicional de Mallorca”.

Se nos deslocarmos aos primordios da tradición gramatical galega, obtere-mos fáceis respostas que camiñan en paralelo coa situación a que acabamos de facer referencia. Así, Saco Arce (1868: 185-186) deixou constancia

36 Para un estudo da evolución do CD con preposición *a* en galego é de obrigada referen-cia hoxe en día o traballo de López Martínez (1993), a cal, logo de analizar un corpus de obras literarias medievais, do galego medio e contemporáneas, achega unhas interesantes reflexións a se referir aos nomes propios, antroponimos e topónimos, incidindo tamén no seu triunfo no galego moderno a partir da lingua imposta: “nos primeiros, o uso de *a* é vacilante na Idade Media; non obstante, as frecuencias que achamos nos textos desta época son importantes e, sobre todo, a súa presenza non se debe a factores de ambigüi-dade sintáctica. A pesar disto, a diferenza dos pronomes persoais, nos séculos seguintes non se xeneraliza o emprego da preposición. Así, nos textos do XIX achamos exemplos de nomes propios que non levan preposición. A xeneralización nos textos actuais pode ser interpretada como unha evolución propia da lingua, pero tamén parece factible con-siderar un posible influxo do castelán” (López Martínez 1993: 257)

da futilidade da preposición *a* no galego ou, cando menos, sinalou a súa desnecesaria recorrencia co CD, mesmo no caso de designar persoas: o antedito complemento “va con la preposición *á*, *o* sin ella: esto es lo más frecuente, v. g.: *Hoye vin teu pai, ó á teu pai*, hoy vi á tu padre: *Mataron dous homes*, mataron á dos hombres”; noutras seccións da súa *Gramática* voltaría a insistir sobre esta cuestión:

Esta preposición [*a*] no es entre nosotros usada con tanta frecuencia como en castellano, pues unas veces se suprime, como ya se ha visto, con algu-nos verbos de movimiento y con el término de acción de los verbos acti-vos, por ejemplo: *Vamos comer*; vamos *á* comer: *Os facciosos mataron o xeneral*, los rebeldes mataron al (*á el*) general (Saco Arce 1868: 199-200).

Os *Elementos* de Valladares (1970: 27, n.), en confronto, defenden a utiliza-ción da partícula relacional, con matices sobre se se falar de entes animados ou inanimados; a práctica que aconsella vén afastarse da tradición lingüís-tica galego-portuguesa e aproxima a nosa lingua da española: “El acusativo puede también formarse con la preposición *á*, *o* sin ella; con ella, si se habla de cosas animadas y sin ella, si de inanimadas. Por ejemplo: *visita á teu birmán* [...]; *visita os teus campos*”.

Igual que acontecía coa disposición dos clíticos na cláusula e co uso cons-ciente do IF, tamén a ausencia da partícula relacional *a* como marca de CD se converte nun positivo elemento caracterizador dun modelo de lingua coida-do. A noso ver, débese potenciar decididamente a súa eliminación en todos aqueles casos en que o seu uso non for gramatical, tencionando así non caer-mos en presumíbeis españolismos sintácticos, segundo se aconsella nalgúns traballos modernos (cfr. Freixeiro Mato 2009: 105-108, 173; Sánchez Rei 2009: 283-285). Constitúe unha medida enmarcábel dentro da calidade lingüística no sentido de: (i) harmonizar cos usos tradicionais, cuxos exemplos aínda se poden detectar na época contemporánea mesmo en textos de procedencia popular e coloquial³⁷; (ii) harmonizar coas variedades lusitana e brasileira do sistema lingüístico, modalidades en que se non deu esta interferencia do es-pañol; e (iii) marcar unha necesaria barreira face á influencia deste idioma.

37 A colección de cantares de Pérez Ballesteros, por exemplo, dá testemuños destas uti-lizacións canónicas, hoxe en retroceso pola presión do español, tales como as seguintes: *para enganar unha nena / home de poucas palabras* (CPG I, 66); *estimaba de levar / Marica de par de min* (CPG I, 82); *Algún día quixen Pepa / agora quero Marica* (CPG I, 160); *si me levan meu birmán / lévanme a vista d’os ollos* (CPG I, 205); *Miña nai casád’as fillas / mentras tèn bon parecer* (CPG III, 64); *Mala morte mate os homes / eu por todos no-n-o digo* (III, 159). Para a situación do fenómeno en textos de procedencia culta do século XIX, véxase Freixeiro Mato & Sánchez Rei & Sanmartín Rei (2005: 603-606), traballo en que se expoñen abondosos exemplos.

5. O léxico, o grande afectado

Entre todos os tipos de interferencias que se poden detectar en situacións de convivio lingüístico entre dous ou máis códigos, as referentes á compoñente lexical viran unhas das máis evidentes e, segundo o que consta nalgúns traballos, convértense nas “máis relevantes, tanto desde unha perspectiva cuantitativa como cualitativa”, conforme as palabras de Graña Núñez (1993: 87). Este mesmo autor continúa a sinalar que os españolismos posúen “un grao de implantación suficientemente importante como para constituíren unha das máis serias ameazas para a integridade da lingua”, para alén de se poderen computar “por milleiros” e de seren os máis difíceis “de eliminar”. Por súa vez, Garrido (2012: 23) comeza a súa volumosa obra *Léxico galego: degradación e regeneración* precisamente confluindo no elemental co exprimido polo investigador anterior ao marcar que de “todos os ámbitos constitutivos do galego –ou variante galega da lingua galego-portuguesa–, o correspondente ao léxico é o que hoje se manifesta como mais degradado”, de forma que aquela presenta “na actualidade um léxico notavelmente depauperado”.

Para alén das consabidas circunstancias do propio percurso histórico do país e da lingua nos últimos séculos, as características da compoñente lexical do idioma explican a causa de que as interferencias vocabulares sexan tan abundantes no galego ou, cando menos, que sexan máis frecuentes que noutros ámbitos da reflexión gramatical. Face a inventarios fechados que non se poden alterar, como os fonolóxicos ou os morfemáticos, o léxico estrutúrase en campos lexicais e semánticos en que continuamente están a se incorporar novos elementos, en canto outros fican na obsolescencia e van sendo vagarosamente esquecidos³⁸; así, ao paso que, por exemplo, vira máis difícil modificarmos o paradigma de pronomes persoais de dativo, moito máis doado se torna que **silla* compita con *cadeira* ou que **ventana* se sume ás hipóteses de *xanela* ou *fiestra*. Ao mesmo tempo, a existencia de varias denominacións locais tradicionais para un mesmo referente, varias delas coñecidas por unha notábel masa de galegofalantes, parece dar licenza á incorporación doutras de cuestionábel orixe; podemos citar como exemplo o híbrido **comadreja*, que temos ouvido nalgunhas ocasións, que pretende agruparse xunto aos de *denosiña* e *denociña*, *dona*

ou *doniña*, *donociña* e *donosiña*, *donicela* e *donisela*, *delonciña*, *dona das paredes* etc.

5.1. A valorización de elementos foráneos

Viaxando no tempo cara aos finais do século XIX e ao primeiro cuartel do século XX, podemos reparar en que naquela altura a penetración de elementos lexicais foráneos tamén non foi indiferente para as persoas preocupadas pola lingua. Quizais non sexa má idea pensarmos, aínda, que diversas variedades lingüísticas, como as utilizadas no mundo tradicional, estarían nunha situación menos delicada que as falas dos nosos días no sentido de posibelmente teren unha menor influencia do idioma oficial da época. Porén, isto non foi óbice para que a entrada de españolismos mesmo na variedade literaria fose combatida, estivese mal considerada ou non contase con coniventes xustificacións derivadas do contacto entre os dous idiomas e da imposición do alleo. Neste sentido, xa A. Elías Martínez, nun artigo intitulado “Academia gallega” dado a lume nas páxinas de *El Heraldo Gallego* en 1879, deixaba constancia comprensivamente de que a maior parte de autoras e autores da época non conseguira liberarse de tales erosións:

Nuestro ilustre Añón, el erudito Saco y Arce, Eduardo Pondal, Francisco de la Iglesia, Benito Losada, José Tresguerras, Curros Enríquez, López de la Vega, Carvajal, Pereira, Pérez Ballesteros, Placer Bouzo; todos cuantos han escrito y escriben en gallego, la misma Rosalía de Castro, no han podido librarse del contagio de las incorrecciones, precisamente por que todos sus trabajos son de edificación y porque á cada paso tropiezan con obstáculos insuperables, en la senda que sin guía y sin mas auxilio que sus propias fuerzas recorren. Así, vemos que unos hacen un censurable empleo de los diminutivos, otros que repudian palabras genuinamente gallegas, aplicando las equivalentes castellanas, como *luna* por *lua*, *donde* por *onde*, *cadena* por *cadeas*; quienes mezclan confusamente palabras gallegas y castellanas, y muchos con el afan de imprimir á sus composiciones un sello característico, prefieren emplear palabras de dudosa procedencia, pero de pronunciación más fácil, antes que usar las propiamente gallegas (RLG 196).

Como acontece na actualidade, tamén naqueles tempos o vento daba con forza na proa. O hábito, o costume, o desleixo, un influxo “inevitábel” etc. continua(ba)n a garantir a presenza de españolismos lexicais na lingua, tal e como denunciou Antonio Losada Diéguez no seu discurso de ingreso no Seminario de Estudos Galegos, lido en Santiago de Compostela en 1924 e publicado postumamente na revista *Nós* no ano 1930:

38 Cfr. Freixeiro Mato (2010: 32), o cal, a se basear en Hagége (2000) pondera que “as partes máis estruturadas dunha lingua, a fonoloxía e a gramática, que constitúen o seu núcleo duro, son tamén as máis resistentes á influencia dunha lingua estranxeira; porén, o léxico é un dominio menos estruturado e máis aberto ao empréstimo [...] que se torna preocupante cando invade todos os dominios”.

Onde se ergue a mais grande dificultade é o decatarnos de que moitos levados por unha costume y-unha influencia pol-o d-agora inevitábel remoen o seu pensamento con verbas casteláns qu-os libros y o ensino sementaron y afondaron, y-ata a feitura do falar leixase pouco a pouco o aire galego.

Repárese tamén no seguinte texto de Saco Arce, cuxa atenciosa observación, xa sinalada noutras seccións deste traballo, reparou naqueles vocábulos alleos a que se lles aplicaba unha fina capa de verniz galeguizador no seu artigo “Poesía gallega contemporánea. Sus defectos más comunes” de 1876:

Daña finalmente á la pureza del lenguaje el emplear voces castellana galleguizadas, ó sea, mas ó menos modificadas en su estructura material, para comunicarles cierto aire del país; lo cual es generalmente efecto de la ignorancia ú olvido de las propiamente gallegas. En composiciones de nuestros mejores poetas, tropiezo con vocablos como “conexo, lexos, aleixar, conozo, unhos, poda,” etc. en vez de “coello, lonxe, alongar, coñezo, us ó uns, póida ó pódea.” Es de advertir que algunas de estas formas censuradas y otras muchas de este jaez hallan ya grande acogida en el lenguaje usual de las poblaciones próximas á las ciudades. Es muy común oír “aconsexar, cuchera, guëro [sic], güerta, sépea, puña, haiga,” etc. en lugar de las formas legítimas “consellar ó aconsellar, culler, ovo, horta, saiba ó sábea, puña, haxa.” De suerte que si los buenos hijos del país no trabajan por atajar esta creciente descomposición de su lengua, si no se disipa esa vergonzosa preocupación que nos hace ruborizarnos de hablar con pureza el lenguaje de nuestros abuelos, no tardará en alcanzarse sobre las ruinas del legítimo gallego tradicional, un gallego macarrónico, una informe jerga que servirá de transición entre el lenguaje de nuestros antepasados y el de Castilla que aspira a reemplazarlo [...]. Urge, urge poner sin demora un dique á este mal, que es sin duda la causa que más acelera la desaparición de nuestro hermoso dialecto (RLG 107).

Certamente, son ben ilustrativos estes excertos relativamente ás ideas sobre o léxico galego e ás preocupacións pola sobrevivencia da lingua dos seus respectivos autores. Interesa, pois, salientarmos algunhas desas cuestións por seren, as máis delas, completamente extrapolábeis á época actual. O primeiro asunto que talvez conveña glosarmos é o referente á magnitude do problema, isto é, ao feito de que, conforme sinalou Elías Martínez, a totalidade de escritoras e escritores non foi capaz de ficar sen o pruído da españolaización, nin mesmo os primeiros vultos da reemerxente literatura galega oitocentista³⁹. Ese pruído, e aquí colocaríamos a seguinte idea que

39 Nótese que a militanza no antirrexionalismo provocou que desde as súas fileiras se criticase mesmo as grandes figuras da literatura galega contemporánea por empregaren nos

cumpriría subliñarmos, é a de que por hábito dos utentes ou por desleixo das persoas que escribían en galego conseguiu que tales formas foráneas tivesen moita proxección nas obras literarias. O terceiro aspecto digno de ser resaltado parte da base, conforme o lúcido parecer de Saco Arce, de que é preciso que os “hijos del país” se impliquen na erradicación desa situación, ou, dito doutra forma, de que non pode utilizarse unha lingua autóctone o máis libre posíbel de influencias alleas se non houber antes unha necesaria querenza e autoestima polo propio idioma. A cuarta idea relevante contén o ensinamento de que tamén son barbarismos as formas españolas galeguizadas ou adaptadas no mínimo á fonética da lingua, tema igualmente presente noutros autores. Por último, o sentir do clérigo ourensán lévanos a ponderarmos a derradeira das cuestións, cal é a imperiosa necesidade, tanto entón como agora, de frear, mediante un “dique” ou a través das medidas que se estimaren oportunas emanadas dunha verdadeira política lingüística, toda esa maré desnaturalizadora para o galego; as consecuencias de se iso non practicar, ben moito máis na actualidade que no século XIX, implicarán o desaparecemento do idioma, segundo tamén asiadamente observou Saco Arce.

O reprobamento á penetración de españolismos tivo certas consecuencias teóricas e prácticas, embora aquí salientemos unicamente dúas. A primeira delas imos achala na vontade prescritiva de determinadas obras, nomeadamente as gramaticais, algunhas das cales se caracterizaron en xeral por posuíren doses diferentes dunha evidente vontade de prescrición. Un dos casos máis obvios é o traballo do mariñán Lugrís Freire (1931: 120), no cal se condena todo aquilo que, do punto de vista do autor, era merecente de ser proscrito por españolismo:

Empregar en galego palabras como *andar*, *amar*, *correr*, *río*, *verde*, *negro*, etc. non son castellanismos. Estas voces pertencen, por herdo nobilísimo, aos idiomas peninsulares. Mais se decimos *nebra*, *binexo*, *granizo*, *lexos*, *troncho*, en vez de *brétema*, *fiuncho*, *sarabia*, *lonxe*, *cañoto*, cometemos o pecado do castellanismo, porque desbotamos, sin necesidade, palabras sinxelamente nosas por outras alleas.

E a segunda das consecuencias, de modo case compensatorio coa anterior, consistiu na louvanza dos textos que, conforme o grao de coñecemento

seus textos algúns españolismos. Sobre este particular, acaen con propiedade as observacións de Couceiro Freijomil (1935: 347) feitas sobre Leopoldo Pedreira cando este atacaba o bardo da Ponteceso: “tan acerba como injustamente critica a este poeta, no se para en las bellezas de *A campana de Anllóns* y parece complacerse en señalar sus defectos: unos castellanismos, como el ejemplo de *golondrina* por *anduriña* y *luna* por *lúa*”.

lingüístico da altura e do autor do comentario pertinente, exemplificaban unha maior autenticidade lexical. Se vimos anteriormente (en 2.1) que en ocasións se salientaba dalgunha obra literaria ou dalgunha persoa a autotonía e a enxebreza en xeral, tamén aquí se chegou a ponderar o carácter máis xenuíno do vocabulario. Novamente, Couceiro Freijomil (1935: 342-343) marcou as composicións de Pérez Ballesteros, xa que o seu autor “usa siempre un léxico propiamente gallego, procurando huir de todo neologismo, y emplea con extraordinaria naturalidad giros y modismos populares”; de Aurelio Ribalta, ao mesmo tempo, sinalou que se trataba dun cantor “de alta inspiración” que posuía “un léxico puro, apenas sin tacha, selecto, genuíno” (Couceiro Freijomil 1935: 378-379).

Por outra parte, máis arriba sinalabamos que as interferencias podían ser clasificadas de diversos modos. Unha desas maneiras asentaba na súa atestación no territorio, pois varias de tales influencias poden estar presentes en todo o país (**ahora*, **bueno*, **dios*, **gallego* etc.) e outras, contrastivamente, só se van documentar en determinadas rexións ou en certos grupos de falantes. Algo similar debía de acontecer en finais do século XIX e mesmo en épocas inmediatamente posteriores: Valladares (1970: 21), por exemplo, indicaba por volta de 1890 como na comarca da Estrada certas voces eran pouco ou nada usadas e como se empregaban no seu lugar as palabras procedentes da lingua oficial:

en nuestro país del Ulla, nadie, ó casi nadie, dice ya *alcipreste*, *arámio*, *Biêito*, *cabalêiro*, *calivêra*, *candelêiro*, *doce*, *enveja*, *fogo*, *frôita*, *habanêiro*, *igreja*, ó *ireja*, *sabán*, *segredo*, sino, ciprés, alambre, Benito, caballero, calavera, candelero, dulce, envidia, fuego, fruta, habanero, iglesia, sábana, secreto.

Porén, nos versos do cancionero tradicional compilado por Pérez Ballesteros rexístranse en ocasións as formas autóctones, o que, unido ao feito de o galego reflectido nesas cuadras corresponder maiormente ao de diversas zonas da actual provincia coruñesa, nomeadamente As Mariñas, pode dar idea do distinto grao de resistencia da lingua nas diferentes comarcas (Sánchez Rei 2006: 353-354): *ser dama pretendida / de tan flaco cabaleiro*, CPG II, 126; *as tuas palabras doces / para min son falsedás*, CPG II, 107; *–Cante que non cante / mal fogo te levante*, CPG II, 186; *a xentiña boa é / ¡malo fogo ch’a levante!*, CPG III, 90; etc.

En síntese, os eruditos do Rexurdimento e do primeiro cuartel do século XX concederon ao léxico un papel certamente protagonista na dignificación e compromiso real coa lingua, de parecido modo a como tamén na actua-

lidade se ve na compoñente semántico-lexical un dos primeiros ambitos que deben ser tidos en conta para a súa constante mellora, conforme sinala Freixeiro Mato (2009: 136) ao pór en relevo que vira imprescindible “determos e corriximos no posíbel a dependencia do castelán [...] e, ao mesmo tempo, aproveitarmos o portugués tanto como criterio orientador para a fixación do léxico como recurso para o seu acrecentamento e mesmo para a incorporación de empréstitos doutras linguas”. E, dun punto de vista da didáctica da lingua mais complemetar co anterior, García Negro (2009: 53) reclama que se faga fincapé, “dunha vez por todas”, na “necesaria reposición semántico-léxica” para “dar ao idioma a saiva a e xenuidade que precisa”.

5.2. A necesidade de renovar o léxico galego

Até aquí puidemos ver como foi percibida a penetración de españolismos na lingua e as consecuencias que traía consigo, mais un outro tema que levantou un número considerábel de opinións e de solucións tiveron a necesaria renovación da lingua como motivo principal. Como xa ficou sinalado en Freixeiro Mato *et al.* (2005: 625), a compoñente lexical da lingua durante o século XIX e no seguinte vai presentar singularidades determinadas polo propio contexto histórico que caracteriza o galego na altura: dunha parte, a propositada proscrición do idioma do país en ámbitos reservados exclusivamente ao español condiciona que xustamente nesas parcelas a lingua posúa determinadas lacunas; doutra, o feito de non ser lingua vehicular da escola e a circunstancia de contar cunha tradición literaria fendida en dúas épocas inciden en que o léxico se proxecte no XIX (e mesmo tamén no XX e XXI) con sinais claros de descompensación (Graña Núñez 1990: 48): ao lado de poucos ou ningún vocábulos referidos aos espazos en que o idioma estivo ausente, chama a atención unha notábel riqueza lexical xustamente nos dominios en que se mantivo, cal o mundo labrego e o mariñeiro⁴⁰. Así pois, dadas as condicións en que sobreviviu a lingua, tivo “pouca forza de innovación léxica”, de tal modo que un dos problemas basilares do vocabulario galego foi e continúa a ser “o da adaptación ás necesidades comunicativas” (Kabatek 2000: 193) derivadas da súa parcial recuperación en determinados ámbitos.

⁴⁰ Porén, as grandes transformacións socioeconómicas acontecidas na Galiza durante a segunda metade do século XIX fan preciso termos en conta que, conforme avanzar o tempo, esa riqueza vocabular dialectal e popular vai sendo cada vez menos representativa. A este respecto, facemos nosas as palabras de Garrido (2012: 24) cando declara que “os redutos tradicionais em que o galego subsistiu, o medio rural e analfabetismo funcional, están a desaparecer na actualidade a un ritmo acelerado”.

Para as persoas preocupadas pola dignificación e recuperación do galego naqueles tempos, tamén se fixo evidente o feito de que o léxico debía ser arrequeitado para así poder desenvolver unha literatura que non se cinxise unicamente a temáticas rurais ou tradicionais, exprimidas, como era de esperar, tamén cun vocabulario de idéntica procedencia. Por iso, non é de estrañar a seguinte observación de J. Barreiro Meiro, publicada en *Galicia. Revisa Regional* no ano 1888, na cal (RLG 310), por necesidade, era preciso “introducir en nuestro dialecto palabras y giros portugueses y castellanos”. En certa harmonía con estas impresións, foron varias as estratexias de anovación lexical que se tencionaron aplicar, embora nin todas, perspectivadas no seu conxunto, conseguiran ter o mesmo grao de implantación. Hoxe en día o recurso ao portugués parécenos persoalmente o máis económico, lóxico, práctico e sinxelo, moito na liña do que expón Garrido (2012), mais o certo é que tamén outras vías de arrequeitamento vocabular merecen ser salientadas ao seren levadas á práctica coa vontade de dignificación dos recursos lexico-semánticos do galego. A primeira que queredamos destacar aquí é o potencial que representan as linguas clásicas, hipótese xa subliñada por Schrotten (1981: 248) cando sinala que a incorporación de cultismos ficou interrompida “a partir del siglo XVI, por la sencilla razón de que el gallego quedó relegado a la categoría de lengua de campesinos y pescadores”, de forma que non podía participar da “tradición clásica. A partir del siglo pasado [o XIX] se ha dado un intento, de parte de literatos y científicos, de elevar el gallego a lengua de cultura; se sentía la necesidad de ensanchar el vocabulario mediante la creación de cultismos para designar nuevos conceptos científicos, técnicos y culturales”. Sen dúbida, unha das primeiras formulacións desta posibilidade vén da man de Saco Arce, quen se manifestaba ao respecto do modo seguinte:

Tampoco me parece merecedor de reprensión el poeta que aspire a ennoblecer su lenguaje con el uso de ciertas palabras latinas que la poesía castellana tiene igualmente, ha mucho tiempo, autorizadas por el ejemplo de sus más insignes maestros. De otra manera, nuestro lenguaje poético habría de ser sumamente pobre, y nos embarazaría á cada momento la dificultad de expresar con nobleza y dignidad muchas ideas, tanto más, cuanto que es todavía tan escaso el caudal literario de nuestra lengua, por más que en otros órdenes de ideas sea riquísima como ninguna. No habrá, pues, inconveniente en decir “álmo, fúlgido, níveo, flamígero, bifronte, antro” y otras voces á este tenor, que si no son gallegas, tampoco son castellanas, sino más bien tomadas de la madre de ambos idiomas, la lengua de Virgilio (RLG:109)

Mais ficando a lingua á marxe dos ámbitos científicos, culturais e económicos, o problema continuou a existir, até no momento en que a prosa en gale-

go foi albo de críticas precisamente por algunhas persoas percibiren que lle cumpría, por dereito xenético, acudir ao mundo grecolatino para ampliar os seus horizontes expresivos. No xa citado discurso de ingreso no SEG de Losada Diéguez, o intelectual ourensán remarcaba esa vía de enriquecemento vocabular; a seu ver, a fala galega “ten dereito coma total-as línguas a facer colleitas n-o linguaxe técnico fillo o mais d’el das línguas crásicas adoando as palabras ô seu mesmo xeito. Ningunha fala se chama probe por facer tal achego” (LO 405). E con similar ánimo se exprimía Lugrís Freire (1931: 18-19) naqueles anos cando combatía a idea de que o galego, do punto de vista lexical, non era válido para o cultivo da prosa científica:

Ténsese dito por algú, que non se ven cansos de rebaixal-os nosos valores, que o idioma galego non tén palabras d’abondo para podermos escribir en senso científico. Este linguaxe pertence a todol-os idiomas modernos, e pol-o mesmo nós temos dereito, como herdeiros da civilización grecolatina, ao seu emprego.

Unha outra hipótese de ampliación de recursos vocabulares foi a que se centrou no alargamento semántico de voces provenientes do mundo tradicional. Con efecto, sendo o galego unha lingua en que o número de entradas lexicais deste ámbito é realmente notábel, segundo xa ten sinalado Graña Núñez (1993), pensouse que unha parte dese manancial lingüístico podía ser aproveitado para dotar o idioma de novos camiños expresivos. A pesar de que o uso case en exclusiva do léxico tradicional contou por súa vez con algunha crítica, como se viu máis arriba, o certo é que tamén se defendeu explicitamente a importante ferramenta dos campos semánticos e lexicais dialectais e populares, segundo fixo Losada Diéguez no primeiro cuartel do século XX:

A calquer parola por ben labrega e ben enxebre qu-ela sexa podeselle dar un outo significado e levala d-aldea á cidade, d-unha corredeira á bioloxía, d-unha ruada á filosofía. O termo *inzar* qu-os labregos empregan pra sinificar com-as raíces de certos albres s-estenden a oito e todo axiña, ou como certas herbas s-espallan n-un terreo, e unha parola que tamén pode sinificar o espallamento d-unha idea. E como en castelán se fala do *campo* ou terreo d-unha cencia podemos decir en galego o terreo da Física ou do Análisis. Coido que non cumpla amourear mais eixemplos, y este termo *amourear* eixemplos é un eixemplo mais [...]. De conseguinte ningunha cousa millor pra avivecer a nosa feiticeira fala que o estudo da fala labrega, y-o estudo da gramática galega (LO 404-405).

A opinión de Vicente Risco sobre os recursos do galego rexional ou popular harmoniza coas impresións de Losada Diéguez no sentido do (re)des-

cubrimento deses fondos vocabulares tradicionais. Aquel, sinalando que as escritoras e os escritores da súa época dispuñan de novas facilidades inexistentes nos anos finais do Rexurdimento, identificaba no mundo rural a procedencia desas axudas:

En troques, os que escribimos despois da publicación distes moimentos literarios dispomos dun léxico moitísimo máis rico que o dos nosos mestres do século XIX. Máis rico e máis puro. Para todos aqueles conceptos para que iles se iban ás verbas casteláns, temos nós unha palabra galega [...]. Ademais [...], cada día aparecen tamén novas verbas vivas, empregadas polo pobo das aldeas, en lugares recuados, ou limitado o seu emprego a unha comarca, ou empregadas sómentes xa polos derradeiros vellos dun lugar (PD 99).

Por outro lado, a recorrencia á lingua antiga supuxo unha outra notabilísima axuda para a ampliación vocabular. Se ben que no século XIX se tiñan imprecisas sospeitas da existencia da literatura medieval, cara aos finais da centuria o que era unha vaga noticia tórnase en proba verosímil dunha tradición literaria que xa viña de vello, nomeadamente mercé ás publicacións dalgúns textos da época: lémbrese, a este respecto, que Théophile Braga deu a lume o *Cancioneiro da Vaticana* en 1878, de onde Antonio de la Iglesia incluíría algúns textos na súa obra *El Idioma Gallego*, saída do prelo no ano 1886. Desde esa década de 80, vai saír do prelo un número certamente notábel de obras medievais que se proxectará nos primeiros anos do XX, como as seguintes: a *Crónica de Santa María de Iria* (editada por Antonio López Ferreiro en 1888), as *Cantigas de Santa María* (publicada polo marqués de Valmar en 1889), a *Crónica Troiana* (de cuxa edición se ocupou Andrés Martínez Salazar en 1900) etc. Así pois, en finais do XIX o coñecemento da literatura medieval galego-portuguesa era xa unha realidade⁴¹.

Todo ese descubrimento tiña de implicar, obviamente, non só que fosen utilizados os textos medievais como notábeis ferramentas lingüísticas no

acrecentamento lexical interno, conforme practicou unha grande parte de escritoras e escritores, mais que se recomendase o seu emprego neste sentido: Johán Vicente Viqueira, por exemplo, exhortaba desde as páxinas d'*A Nosa Terra* no ano 1919 á lectura dos “testos antigos e clásicos”: “Vede, por exemplo: uns escriben *conocer*, outros *conecer*, na gramática de Saco e Arce e en Sarmiento atopamos a verdadeira forma: *coñecer*” (EP 177). E, por seu turno, novamente Losada Diéguez salientaba o grande labor que se podería levar a cabo para proporcionar ao idioma unha grandísima axuda nese sentido: as persoas que estudaban a “historia de Galiza poden dar o mais grande amparo ó rexurdimento da língoa, traballando n-o vocabulario da prosa galega da Edade Medea fonte e deloiro ó mesmo tempo da nosa literatura” (LO 405).

Finalmente, outro dos recursos para a ampliación lexical tivo no portugués o seu protagonista. Manuel Murguía, como se leva salientado nalgúns estudos (Freixeiro Mato *et al.* 2005: 63-79), defendía a elementar unidade lingüística entre as dúas marxes miñotas, tendencia que se mantivo até á actualidade. Á parte das opinións do *patriarca*, é cuestión problemática sabermos con exactitude que pensaban os ilustrados oitocentistas en relación a ese pobo que era denominado “irmán” por unha boa parte dos eruditos da época, xa que, aínda se defendendo esa fundamental unidade lingüística, a recorrencia ao portugués para solucionar problemas lexicais e gramaticais da altura non foi unha corrente unanimemente aplaudida polas persoas interesadas no futuro do idioma. E non podemos pensar que os eruditos do século XIX nin dos primeiros anos do seguinte descoñecesen as enormes capacidades dese “galego meridional”. Neste sentido, rexístranse opinións lóxicas que formulan a distinta sorte de Portugal e da Galiza e das súas literaturas respectivas como consecuencia de ben diferentes procesos históricos, ao paso que afirman que para se poder intuír como sería a galega de ter tido outro desenvolvemento, cómpre non se esquecer do caso portugués. No prólogo de Luís Rodríguez Seoane á *Colección de poesías gallegas de varios autores*, escolmada por Francisco Portela Pérez e publicada en 1882 pode lerse que as capacidades da lingua e a poesía galega

41 A modo de exemplo, podemos ver como un dos eruditos oitocentistas refería xa a súa existencia, cal é o caso de Vaamonde Lores (RHG 57), o cal salienta o *Cancioneiro da Vaticana* como fito fundamental da recuperación do pasado literario: “Así se sabe que tivemos unha brillante préiade de poetas, sendo seu centro en Compostela, cando corrían para o noso país os días mais gloriosos da súa historia, e os nomes de Payo Gómes Charino, Airas Núñez, Joan Zorro, Bernal de Bonaval, Martín Codas, Estebo Coello, Abril Péres, Paí da Cana, Pero Annes Martiño, Pero Meogo, Joan Romeu e outros moitos, inorados centos de anos, son hoje honrados como merecen dende a descuberta do *Cancioneiro da Vaticana*”.

de cuanto hubieran sido capaces si hubieran continuado su progreso y autonomía, pudiera dar testimonio esa literatura portuguesa, hermana suya más afortunada que continuó cultivándose en las provincias lusitanas y en los vastos dominios del Brasil, una literatura que se enorgullece de haber tenido poetas dramáticos tan notables como Gil Vicente y épicos tan insignes como Luís de Camoens, de una literatura que con tanta gloria ilustraron en nuestros días Almeida Garret, Castillo y Herculano (COL XIX-XX).

No primeiro cuartel do século XX corresponde a Johán Vicente Viqueira unha das mellores explicitacións da grande axuda que pode ser o portugués para enformar un modelo lingüístico de calidade. O galego, á marxe de ter necesariamente de sobordar os contextos camponeses en que foi maioritariamente empregado, debía servir como vehículo de relacións internacionais cos países de lingua portuguesa e converterse, ao tempo, nun medio adecuado de expresión cultural. Para iso, a seu ver, tiña de ser escrito con perfeición e achegarse á variedade lusitana; tal foi o que pronunciou nunha conferencia lida na Irmandade da Fala da Coruña e despois dada a lume ao longo de varios números d'*A Nosa Terra* durante o ano 1918:

Temos, pois, que considerar con seriedade o problema lingüístico. A nosa fala non ten de ser só un meio para falarmos aos labregos, aínda que isto é dinísimo si se lles fala de liberdade para espertalos e facelos libres. A nosa fala ten que chegar a expresar a infinda riqueza da nosa alma galega e ten que encher aquela misión internacional de relacións c'os países de lingua portuguesa [...]. O que quer dicir que o language galaico ten de converterse n'un exquisito e refinado admirable meio de cultura, instrumento espiritual. É denantes de todo preciso que todos os galegos falen e escriban o galego como poidan. Mais isto non abunda; é preciso despois qu'os falen e escriban á perfeición [...]. É preciso traballar pois pol-a exquisitez, pol-a depuración da lingua. N'este traballo tere-mos un grande auxilio no portugués, tan somellante en todo á nosa fala, e que posee un inmenso desarrollo literario (EP 167).

A combinar a recorrencia á variedade lusitana coa existencia de léxico común na época medieval ás dúas marxes miñotas, Vicente Risco defendía tamén ese acerbo de confluencia para a mellora do vocabulario galego da época. Así, no seu artigo "Da renascencia galega", xa visto noutras seccións deste traballo, clarificaba as súas impresións do modo que segue:

Tampouco negarei que no léxico empregado polos modernos escritores galegos, haxa moitas verbas que pertencen tamén ó portugués culto. ¡E isto non vai pasar, si galego e portugués son a mesma lingua!... Esas verbas que os nosos detrautores coidan *soilo portuguesas*, son tamén galegas; son tan nosas coma dos portugueses e temos tanto dereito pra empregalas, coma eles tamén. O que acontece é que moitas desas verbas, os galegos deixamos de usalas, namentras que os portugueses as seguiron empregando; todas esas verbas aparecen escritas en documentos galegos da Edade Meia, data-das en Ourense, en Santiago, en Betanzos, en tódalas vilas de Galiza. Non son escrusivamente portuguesas; non son lusitanismos (PD 100).

De novo, podemos verificar como as estratexias de dignificación da lingua pasaron pola aplicación de medidas pensadas para seren ampliadas as ca-

pacidades expresivas da lingua conforme esta ía chegando a novas esferas de uso. A procura da calidade do idioma tamén se ocupou de potenciar liñas de actuación na praxe lingüística, nunha maneira equivalente a como na actualidade tamén se traballa na consecución constante da melloría no léxico acudindo ao portugués, ao galego antigo ou á ampliación semántica de vocábulos provenientes do mundo tradicional.

6. Conclusións

As páxinas precedentes centráronse nas opinións que a influencia do español sobre o galego suscitou en diferentes personalidades durante o século XIX e unha parte da centuria seguinte. Vinculado a tal influxo, tamén se puido verificar como se demandaban non poucas doses de autenticidade no galego literario da altura, pois percibíase a necesidade dunha maior utilización de estruturas morfosintácticas xenuínas e de léxico autóctone. Chegados a este punto, convén salientarmos varias das ideas que foron sendo expostas a respecto de tales temáticas e, neste sentido, a primeira das conclusións que podemos extraer é que a vontade de utilizar un modelo de lingua digno non corresponde a unha reivindicación recente, mais asenta xa no discurso sobre a recuperación e valorización do idioma. Desde o final do século XIX até ao comezo da Guerra Civil, período que focou a nosa pesquisa, puidemos observar que as estratexias de dignificación do galego ían sempre acompañadas de chamadas de atención a respecto da necesaria erradicación dos españolismos ou relativamente ao uso de construcións morfosintácticas tradicionais, nalgúns casos potenciando mesmo formas que hoxe as sabemos inadecuadas (cfr. **O non vin*). A hibridación e a perda de fenomenoloxías gramaticais e lexicais preocupou as persoas comprometidas dalgunha maneira coa lingua, mais, polo contrario, non provocou ningún tipo de desacougo naquelas ás cales non interesaba, que mesmo solicitaban, como Joaquín de Arévalo, que non se estudase e que ficase abandonado á súa propia sorte.

Outro interesante apuntamento que emerge destas páxinas é a consideración da mestura de linguas. A procura dun modelo lingüístico o máis xenuíno posíbel parece que só se pode dar en contextos de idiomas normalizados, de forma que aqueles que están nunha situación máis precaria, cal o galego, están condenados a non teren ese dereito nin até aspiraren a exhibírenlo. A lei do máis forte tamén se aplica nestes casos, xa que só as linguas máis poderosas internacionalmente, asociadas adoito a estados hexemónicos nalguna orde social, son as que parecen ter ese dereito en

exclusiva. Do noso punto de vista, son de difícil aplauso aquelas actitudes que contemplan impasíbel e comprensivamente a ameazante corrosión que sofre o idioma, dando exemplo dun desleixo xa criticado por autores como Manuel García Blanco. Así pois, se a influencia duns idiomas noutros se leva constatando desde a antigüidade e en si propia corresponde a un fenómeno frecuente en determinados contextos (convivio de varias linguas no mesmo territorio, proximidade territorial entre comunidades lingüísticas etc.), xorde a pregunta de por que unicamente nos idiomas mellor considerados se poden aplicar estratexias de liberalización de tales interferencias.

Moitos dos comentarios que eruditos e intelectuais nos foron deixando naqueles anos tiñan como finalidade repararen na perigosa influencia que o español exercía no galego, tal como na actualidade se reivindica nalgúns ámbitos. E, tanto naquela altura como na actualidade, non se pode considerar elitista nin xenófoba a actitude de depurar en termos (socio)lingüísticos o idioma para así o poder voltar ao pobo, unha vez xa liberado de elementos alleos que ameazan a súa sobrevivencia, antes ben debe entenderse en sentido contrario: bastante fixeron xa os estratos populares conservando a lingua durante séculos. A noso ver, corresponde agora ás autoridades académicas e políticas devolvérenlle ese tesouro, limpo de interferencias desnecesarias e asentado na súa propia tradición. E non pode haber actitude máis contraria ao elitismo que reivindicar os trazos lingüísticos idiosincráticos do galego porque, mellor ou peor, con máis suceso ou sen el, todos eles, xunto a elementos espurios, están presentes nas falas galegas tradicionais. Apropriadonos das palabras de Losada Diéguez con que principia este traballo, só hai que decidir realmente entre “revivire a lingua” ou “axudar a matala”.

Máis unha importante conclusión que podemos tirar vén dada pola presumíbel consecuencia de non frear esa desnaturalización do idioma. Con efecto, priorizando unha variedade hibridizada, de seu xa totalmente inestábel do punto de vista da fixación fonética e fonolóxica, morfosintáctica ou semántico-lexical, a lingua é conducida inexorablemente á súa absorción polo castelán, que representa, xunto á substitución directa, outra vía de desaparición. Ao se trataren de idiomas estruturalmente homofamiliares, o risco de que isto sexa así faise aínda maior, de tal modo que a medio ou longo prazo non vira totalmente impensábel a tal hipótese: xurdiría, quizais, un español da Galiza, dialectal, vinculado aos rexistros familiares ou a contextos folclorizantes, con algúns trazos que lle darían a cor precisa da mínima diferenza exótica (sufixos *-eira/o* ou *-iña/o*, certo léxico tradicional, os nomes de determinados produtos culinarios etc.), mais español ao fin e ao cabo, ficando afundido o galego no escuro “pozo da dialectalización e do reducido uso coloquial” (Sanmartín Rei 2009: 63).

Vinculada a eses rexistros coloquiais está unha outra idea transcendente que tamén se torna preciso acentuarmos, a cal asenta no feito de os tales estilos desenfadados e espontáneos poderen ser xenuinamente galegos sen por iso recibiren de balde as influencias foráneas. O denominado “galego popular”, que epigrafa na literatura especializada un heteroxéneo conxunto de falares marcados tanto pola presenza de fenómenos coloquiais autóctonos canto pola enorme facilidade con que os españolismos conseguen ter acollida, non ten de pagar a alfándega da desnaturalización para ser de certo auténtico. Haberá, por acaso, un contexto máis popular que o da lírica e canto tradicionais? Conseguirase achar, tamén por casualidade, un estrato social máis popular que o das camadas sociais que ao longo dos séculos deron xerado, conservado e transmitido ese tipo de manifestación artística? Lembremos aquí como o intelectual Pérez Ballesteros ou até Saco Arce foron capaces de reprobaren elementos foráneos nas cuadras que colixiron a través dos seus comentarios de rodapé. Tamén esas variedades de lingua, por tanto, poden ser dignificadas ao lles tirarmos toda esa cantidade de españolización, mesmo na actualidade.

Certo é que moito se leva avanzado no proceso de identificar o estraño co verdadeiro. Mais coidamos que se torna preciso darmos un paso e, xa en termos de conceder preferencia a solucións diferenciais ou comúns co español, pensamos que se tería de potenciar aquilo que faga con que a nosa lingua saia máis reforzada e máis segura face ás interferencias ou face á maior atestación na actualidade de fenómenos morfosintácticos e lexicais comúns con aquela. Que gaña o galego se as persoas con responsabilidade na promoción e estudo do idioma se decantan por unha estrutura do tipo *Cómpre que veñades* en vez de *Cómpre virdes*? Onde as avantaxes, falando xa de dignificación e da necesidade dunha fronteira lingüística nítida a respecto da ameaza que supón a influencia do español, de empregarmos habitualmente unha fórmula como *Para lelo tivo que estudar* en lugar de *Para o ler tivo de estudar*? A nosa experiencia persoal dinos que, en ocasións, ocorre que a calidade lingüística fai que persoas idosas lembren esa autenticidade idiomática preterida: usádomos unha lingua dignificada, cunha consciente recuperación de léxico e de estruturas sintácticas tradicionais, non se torna raro ouvirmos a falantes de idade sentenzas do tipo *Así é como falabamos antes na aldea* ou *Antes esa frase usábase moito*, co cal, noutra ocasión, calquera hipótese mínima de comportamento elitista face ao noso esmorecente mundo rural esvae de seu.

Finalmente, faise preciso valorizarmos a transcendente decisión das persoas neofalantes ao se decantaren polo galego total ou maioritariamente na súa praxe diaria, animándoas a trataren de mellorar no día a día, como

tentamos mellorar todas e todos, a súa praxe lingüística cotiá. O que se torna normal para linguas normalizadas, isto é, a constante procura da corrección ou da aceptabilidade comunicativa, debe ser visto tamén dentro dos parámetros da normalidade para o galego. O futuro da lingua dependerá, en boa medida, de que vaia aumentando progresivamente o número de falantes, en especial nos ambientes citadinos e entre a xente nova, moita da cal inviste un ben maior esforzo en aperfeizoar o seu inglés, mais non dedica nin unha mínima parte a avanzar no uso dignificado do galego. Só falta que, unida a esa práctica e útil decisión de aprender mellor linguas estranxeiras, tamén se adopte a de mellorarmos no día a día os nosos idiolectos particulares e conseguirmos así unha verdadeira dignificación social para o idioma. Contra o que pensan algunhas persoas, o compromiso coa lingua non se pode dissociar da calidade na exposición pública desta, pois trátase de afluentes necesarios no río da normalización. E, tornándonos de novo ao comezo, voltamos a nos apropiarmos da outra citación que o preludia, a de Johan Vicente Viqueira, pois concordamos con que todas as galegas e todos os galegos “falen e escriban o galego como poidan. Mais isto non abunda; é preciso despois qu’o falen e escriban á perfeición”.

Referencias bibliográficas

- A., R. [= ALVARIÑO, R., pseudónimo de LEANDRO CARRÉ ALVARELLOS] (1919): *Compendio de gramática galega* (A Cruña: Imprenta Nova).
- ALMEIDA, M. (2003) [1999]: *Sociolingüística* (Santa Cruz de Tenerife: Univ. de La Laguna).
- ÁLVAREZ GIMÉNEZ, E. (1909) [1878]: *Los defectos del lenguaje en Galicia y en la provincia de León. Estudio gramatical basado en la doctrina de la Academia y en el uso de los buenos escritores* (Valladolid: Imprenta y Librería de Andrés Martín).
- ÁLVAREZ, R. & XOVE, X. (2002): *Gramática galega* (Vigo: Galaxia).
- ÁLVAREZ, R. (1994): “Gramática descriptiva e gramática prescriptiva”, *Cadernos de Lingua* 10, 19-35.
- BISCAIÑO FERNANDES, C. C. & FREIXEIRO MATO, X. R. (eds.) (2014): *Lingua e Teatro. X Xornadas sobre Lingua e Usos* (A Coruña: Universidade).
- CALLÓN, C. (2012): *Como falar e escribir en galego con corrección e fluidez* (Vigo: Xerais).
- CALVET, L.-J. (1998): *A (Socio)lingüística* (Santiago de Compostela: Laivento).
- CARBALLO CALERO, R. (1979) [1966]: *Gramática elemental del gallego común* (Vigo: Galaxia).

- CIDRÁS ESCÁNEO, F. A. (1994): “Modelos de lingua e variación sintáctica”, *Cadernos de Lingua* 10, 103-108.
- COUCEIRO FREIJOMIL, A. (1935): *El idioma gallego. Historia, gramática, literatura* (Barcelona: Casa Editorial Alberto Martín).
- CRYSTAL, D. (2003): *A morte das linguas* (Vigo: Galaxia).
- CUVEIRO PIÑOL, J. (1868): *El habla gallega. Observaciones y datos sobre su origen y vicisitudes* (Pontevedra: Imprenta de José Antúnez y Cía Editores).
- DUBERT GARCÍA, F. (2005): “Interferencias del castellano en el gallego popular”, *Bulletin of Hispanic Studies* 82/3, 271-292.
- FERNÁNDEZ REI, F. (1991) [1990]: *Dialectoloxía da lingua galega* (Vigo: Xerais).
- FERNÁNDEZ SALGADO, B. & MONTEAGUDO ROMERO, H. (1995): “Do galego literario ó galego común. O proceso de estandarización na época contemporánea”, en MONTEAGUDO, H. (ed.): *Estudios de sociolingüística galega. Sobre a norma do galego culto*, 99-176 (Vigo: Galaxia).
- FERNÁNDEZ SALGADO, B. (2000): *Os rudimentos da lingüística galega. Un estudio de textos lingüísticos galegos de principios do século XX (1913-1936)*. Anexo 47 de *Verba* (Santiago de Compostela: Universidade).
- FREIXEIRO MATO, X. R. et al. (2005): *A lingua literaria galega no século XIX* (A Coruña: Universidade).
- FREIXEIRO MATO, X.R. (2006) [2000]: *Gramática da Lingua Galega*. Vol. II. *Morfosintaxe* (Vigo: A Nosa Terra).
- FREIXEIRO MATO, X. R. (2010): “Perigos, incertezas e perspectivas de futuro para a lingua galega”, en SANMARTÍN REI, G. (ed.): *Lingua e futuro*, 13-53 (Ames: Laivento).
- FREIXEIRO MATO, X. R. (2013): *Estilística da lingua galega* (Vigo: Xerais).
- GARCÍA NEGRO, M. P. (1993): *Sempre en galego* (Santiago de Compostela: Laivento).
- GARCÍA NEGRO, M. P. (2009): *De fala a lingua: un proceso inacabado* (Ames: Laivento).
- GARRIDO, C. (2012): *Léxico galego: degradación e regeneración* (Sant Cugat del Vallès & Barcelona: Edições da Galiza).
- GONDAR, F. G. (1978): *O infinitivo conxugado en galego*. Anejo 13 de *Verba* (Santiago de Compostela: Universidade).
- GLEASON, Jr., H. A. (1985) [s.d.]: *Introdução à Linguística Descritiva* (Lisboa: Fundação Calouste Gulbenkian).
- GRAÑA NÚÑEZ, X. (1990): “O léxico patrimonial galego: algúns aspectos do seu empobrecemento”, *Cadernos de Lingua* 2, 47-58.
- GRAÑA NÚÑEZ, X. (1991): “Aproximación ó castelanismo”, en Mercedes Brea & Fernández Rei, F. (coords.): *Homenaxe ó profesor Constantino García*, vol. 2, 69-81 (Santiago de Compostela: Universidade).

- GRAÑA NÚÑEZ, X. (1993): *Vacilacións, interferencias e outros 'pecados' da lingua galega* (Vigo: Ir Indo).
- GUGENBERGER, E. (2013): "O cambio de paradigma nos estudos sobre contacto lingüístico: pode ser útil o concepto de hibridade para a lingüística e política de linguas en España?", en GUGENBERGER, E. *et al.* (eds.): *Contacto de linguas, hibridade, cambio: contextos, procesos e consecuencias*, 17-47 (Santiago de compostela: Consello da Cultura Galega).
- GUGENBERGER, E. *et al.* (2013) (eds.): *Contacto de linguas, hibridade, cambio: contextos, procesos e consecuencias* (Santiago de compostela: Consello da Cultura Galega).
- HAGÈGE, C. (2000): *Halte à la morte des langues* (Paris: Odile Jacob).
- HENRIQUES, C. C. & SIMÕES, D. (orgs.) (2004): *Língua e Cidadania: Novas Perspectivas para o Ensino* (Rio de Janeiro: Editora Europa).
- HUDSON, R. A. (1981): *La sociolingüística* (Barcelona: Anagrama).
- IGLESIAS ÁLVAREZ, A. (2002): *Hablar gallego: "No veo por qué". Aproximación cualitativa á situación sociolingüística de Galicia* (Vigo: Xerais).
- IGLESIAS ÁLVAREZ, A. (2013): "Eu falo castrapo' -Actitudes dos adolescentes ante a mestura de linguas en Galicia (estudio piloto)", en GUGENBERGER, E. *et al.* (eds.), 169-189.
- JERNUDD, B. H. & SHAPIRO, M. J. (eds.) (1989): *The Politics of Language Purism* (Berlin & New York: Mouton de Gruyter).
- KABATEK, J. (2000): *Os falantes como lingüistas. Tradición, innovación e interferencias no galego actual* (Vigo: Xerais).
- LABOV, W. (1996): *Principios del cambio lingüístico*. Vol. I. *Factores internos* (Madrid: Gredos).
- LABOV, W. (2006): *Principios del cambio lingüístico*. Vol. II. *Factores sociales* (Madrid: Gredos).
- LÓPEZ MARTÍNEZ, M. (1993): *O complemento directo con preposición a en galego*. Anexo 36 de *Verba* (Santiago de Compostela: Universidade).
- LÓPEZ MEIRAMA, B. (ed.) (2011): *Estudios sobre disponibilidad léxica en el español de Galicia*. Monográfico de *Lalia*, Series Maior, 24. (Santiago de Compostela: Universidade).
- LUGRÍS FREIRE, M. (1931) [1922]: *Gramática do idioma galego* (A Cruña: Imprenta Moret).
- MARTINS, N. SANT'ANNA (2000) [s.d]: *Introdução à Estilística. A expressividade da língua portuguesa* (São Paulo: T. A. Queiroz).
- MIRÁS, F. (1864): *Compendio de gramática gallega-castellana, con un vocabulario de nombres y verbos gallegos y su correspondencia castellana, precedido de unos diálogos sobre diferentes materias. Un grandioso poema de 100 octavas titulado La creación y redención. Un extracto de Fábulas de los mejores fabulistas así como algunas del autor* (Santiago de Compostela: Establecimiento tipográfico de Manuel Mirás).
- MOREIRA BARBEITO, M. (2014): *Contra a morte das linguas. O caso do galego* (Vigo: Xerais).
- MOURE, T. (2011): *Ecolingüística. Entre a ciencia e a ética* (A Coruña: Universidade).
- PORTO DAPENA, Á. (2008): "La lengua española y Galicia", en MOYA CORRAL, J. A. & SOSINSKI, M. (eds.): *El español en los territorios bilingües. Actas de las XIII Jornadas sobre la lengua española y su enseñanza*, 53-76 (Granada: Universidad) [Dispoñíbel en: http://www.ugr.es/~hum430/Actas_XIII_Jornadas.pdf].
- POSNER, R. (1998): *Las lenguas romances* (Madrid: Cátedra).
- PRIETO ALONSO, D. (1986): *Prosodie et syntaxe. La position des clitiqes en galicien-portugais* (Groningen: Imprimerie Regenboog Stichting).
- RAMALLO, F. (2013): "Neofalantismo", en GUGENBERGER, E. *et al.* (eds.), 245-258 (Santiago de compostela: Consello da Cultura Galega).
- ROTAETXE AMUSATEGI, K. (1990): *Sociolingüística* (Madrid: Síntesis).
- SACO ARCE, J. A. (1868): *Gramática gallega* (Lugo: Imprenta de Soto Freire).
- SÁNCHEZ REI, X. M. (1999): *Se o vós por ben teverdes. A interpolación pronominal en galego* (Santiago de Compostela: Laiovento).
- SÁNCHEZ REI, X. M. (2005): "Trazos xerais da tradición gramatical galega", *Revista Galega de Filoloxía* 6, 93-121.
- SÁNCHEZ REI, X. M. (2006): *A lingua galega no cancionero de Pérez Ballesteros* (Ames & Santiago de Compostela: Laiovento).
- SÁNCHEZ REI, X. M. (2009): "Para unha sintaxe do galego", en REI-DOVAL, G. (ed.): *A lingüística galega desde alén mar*, 273-292 (Santiago de Compostela: Universidade).
- SÁNCHEZ REI, X. M. (2011): *Lingua galega e variación dialectal* (Ames: Laiovento).
- SANMARTÍN REI, G. (coord.) (2007): *Sobre a calidade da nosa lingua* (A Coruña: Universidade).
- SANMARTÍN REI, G. (2009): *Nos camiños do entusiasmo. Calidade da lingua e planificación* (Vigo: Xerais).
- SANMARTÍN REI, G. (ed.) (2012): *Consideracións sobre a decadencia e rehabilitación da lingua galega. Homenaxe a Manuel García Blanco*. Monografía 7 da *Revista Galega de Filoloxía* (A Coruña: Área de Filoloxías Galega e Portuguesa & Departamento de Galego-Portugués, Francés e Lingüística da Universidade da Coruña).
- SANTIAGO GÓMEZ, J. de (1918): *Filología de la lengua gallega* (Santiago de Compostela: El Eco Franciscano).

- SCHROTEN, J. (1981): “Sobre el tratamiento del vocabulario culto en el gallego actual”, *Verba* 8, 247-266.
- SOUTO CABO, J. A. (2008): *Documentos Galego-Portugueses dos Séculos XII e XIII*. Monografía 5 da *Revista Galega de Filoloxía* Monografía 5 da *Revista Galega de Filoloxía* (A Coruña: Área de Filoloxías Galega e Portuguesa & Departamento de Galego-Portugués, Francés e Lingüística da Universidade da Coruña).
- TATO FONTAÍÑA, L. (2014a): “A lingua na construción dun teatro nacional galego”, en BISCAINHO FERNANDES, C. C. & FREIXEIRO MATO, X. R. (eds.), 19-32.
- TATO FONTAÍÑA, L. (ed.) (2014b): *Os contos de Joselín. José Rodríguez Vicente. Primeiros documentos sonoros do teatro galego (1929-1954)* (Santiago de Compostela: aCentral Folque. Centro Galego de Música Popular).
- THOMAS, G. (1991): *Linguistic Purism* (London & New York: Longman).
- TUSON, J. (1985) [1980]: *Teorías gramaticales y análisis sintáctico* (Barcelona: Teide).
- VALLADARES, M. (1970) [redixida en 1892]: *Elementos de gramática gallega* (Vigo: Galaxia).
- VILAR, R. (2014): “Humor e calidade da lingua”, en BISCAINHO FERNANDES, C. C. & FREIXEIRO MATO, X. R. (eds.), 67-69.
- WARDHAUGH, Roger (1992): *Introducción á sociolingüística* (Santiago de Compostela: Universidade).

- PA = SANMARTÍN REI, G. (ed.) (1997): *Prosa didáctica (1916-1936)*. *Antoloxía* (Vigo: Promocións Culturais Galegas).
- PG = SANMARTÍN REI, G. (ed.) (2002): *Os (pre)textos galegos (1863-1936)*. *Estudio e escolma dos prólogos* (Santiago de Compostela: Sotelo Blanco).
- RHG = VAAMONDE LORES, F. (1898): *Resume da Historia de Galicia* (A Cruña: Carré).
- RLG = Hermida, C. (ed.) (1992): *A reivindicación da Lingua Galega no Rexurdimento (1840-19891)*. *Escolma de textos* (Santiago de Compostela: Consello da Cultura Galega).

Desenvolvemento das siglas dos textos manexados

- CDR = G[ARCÍA] B[LANCO], M. (1912): *Consideraciones sobre la decadencia y rehabilitación de la lengua gallega* (Lugo: El Norte de Galicia).
- COL = PORTELA PÉREZ, F. (ed.) (1882): *Colección de poesías gallegas de varios autores* (Pontevedra: Luís Carragal).
- CPG = PÉREZ BALLESTEROS, J. (ed.) 1979) [1885-1986]: *Cancionero popular gallego y en particular de la provincia de la Coruña por José Pérez Balles-teros*. Con un prólogo del ilustre mitógrafo portugués Theóphilo Braga. 3 vols. (Madrid: Akal).
- EP = VIQUEIRA, J. V. (1974): *Ensaio e poesías* (Vigo: Galaxia).
- LO = BERAMENDI, J. G. (ed.) (1988): *Antonio Losada Diéguez. Obra Completa* (Vigo: Xerais).
- MCR = CARRÉ ALDAO, U. (2006): *Memoria crítico-bibliográfica sobre el Teatro Regional Gallego* (A Coruña: Biblioteca-Arquivo Teatral “Francisco Pillado Mayor” & Departamento de Galego-Portugués, Francés e Lingüística da Universidade da Coruña).